

PROGRAMACIÓN XERAL



Curso 2024-25

1. XUSTIFICACIÓN e INTRODUCCIÓN
2. O CENTRO E AS SÚAS INSTALACIÓNS
3. ORGANIZACIÓN PEDAGÓXICA DO CENTRO
4. ÓRGANOS COLEXIADOS DE GOBERNO
5. EQUIPOS DOCENTES
6. OBXECTIVOS DE CENTRO
7. ATENCIÓN ALUMNADO NEAE
8. XORNADA ESCOLAR E HORARIO ESCOLAR
9. OBXECTIVOS DE CICLOS E EQUIPOS
10. PLAN ACTUACIÓN DA COMISIÓN COORDINACIÓN PEDAGÓXICO
11. PLAN DE ORIENTACIÓN
12. PLAN TICS
13. PLAN LECTOR-BIBLIOTECA
14. PERSOAL NON DOCENTE
15. PLAN FAMILIAS-CENTRO
16. INSTALACIÓN CENTRO
17. PLAN XERAL DE AVALIACIÓN
18. TRANSPORTE-MADRUGADORES -COMEDOR
19. PLAN AUTOPROTECCIÓN
20. PARTICIPACIÓN EN PFPP E OUTROS PROGRAMAS
ANEXO I Plan actuación ANPA
ANEXO II Proxecto Competencial de Centro
ANEXO III PLAN Anual de Benestar
ANEXO IV PDI AVENTÚRATE CON JULIO VERNE (RESUMO)
ANEXO V gardas recreos horarios biblioteca/informática/ horarios profesorado-aulas

1.- XUSTIFICACIÓN

O Plan Xeral Anual terá como marco de referencia a Memoria Anual do curso pasado, onde se recolleron plans de mellora para subsanar carencias ou dificultades que poideron aparecer no funcionamento do Centro, polo tanto será un proxecto de intencións e compromisos que intenten posibilitar o éxito organizativo da nosa comunidade, en cumprimento da normativa legal vixente.

-INTRODUCCIÓN

Durante o Curso Escolar 2024-25a comunidade educativa do CEIP Plurilingüe Alborada seguirá cos importantes retos e compromisos iniciados en cursos anteriores. Practicamente a totalidade dos mesmos derívanse das propostas de mellora contidas na Memoria Anual do curso pasado elaborada e informada por parte do Claustro de Profesores e Consello Escolar e que contou co debate e discusión lóxicos, o que cremos da mostramos de democracia e saúde participativa no noso colexio.

Este documento será o punto de partida para deseñar os obxectivos que pretendemos para o presente curso, que estarán condicionados por algúns aspectos clave:

- Fomento da vida activa xunto ao coñecemento e coidado da contorna que se leva a cabo cos roteiros por niveis do alumnado e coa asistencia a todas as actividades extraescolares, que sexa posible, camiñando.
- Fomento da alimentación saudable seguiremos cos proxectos de Hora Escolar e Voz Natura tendo como obxectivo conseguir que o 90% do noso alumnado participe dunha merenda saudable na aula con reciclaxe activo e concienciación do lema Residuos 0 e coñeza os hábitos recomendados para unha vida sana relativos a alimentación e consumo sostible.
- Continuar coa implantación das novas metodoloxías e o deseño universal de aprendizaxe (DUA) de cara a reforzar algúns elementos curriculares que debemos atender máis e mellor.
Competencia Matemática - Científica
Competencia lingüística
Competencia Stem
- Seguir na mellora Emocional coa figura da Coordinadora de Benestar (xa no terceiro ano do seu óptimo traballo) que coordinará as tarefas dos diferentes programas de Educación Emocional e de Inclusión que se leven a cabo
- Seguir cos reforzos nas aulas usando recursos de disponibilidad horaria do profesorado vendo limitada a nosa pretensión de desdobres en 1º EP que tan bo resultados nos estaba a dar pola falta de dotación de Recursos Humanos da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

Este obxectivo cada día é máis difícil debido a escasez de Recursos Humanos co que nos dota a Consellería

Neste senso solicitamos PROA + estando a espera da súa concesión

- Introducir o traballo por estacións de aprendizaxe en diferentes momentos da actividade escolar
- Seguir co traballo por Ámbitos de aprendizaxe
 - Ámbito Letras-radio
 - Ámbito matemático
 - Ámbito Ciencias
 - Ámbito Stem
 - Ámbito Artístico -Audiovisual -Plurilingüe

MARTES	3º CICLO
MÉRCORES	EDUCACIÓN INFANTIL 1º CICLO
XOVES	2º CICLO

- Proxectos solicitados para centro traballados polas diferentes aulas
 - Solicitamos Proxecta + nas liñas
 - Máis e mellor actividade física
 - Vexo vexo Xacobeo
 - Coidamos os nosos animais

A DIA DE HOXE AINDA NON SAIRON CONVOCATORIAS DE CONTRATOS PROGRAMA POLO CAL ESTAMOS A ESPERA DE REALIZAR SOLICITUDES

- En canto as novas tecnoloxías, ademais de seguir co obxectivo da inclusión das TIC no proceso de ensinanza-aprendizaxe dun modo normalizado, renovouse a web do Centro dotándoa de novos contidos para que sirva de medio de mellora da comunicación interna e externa entre toda a comunidade educativa e seguiremos co enriquecemento didáctico das Webs e blog da biblioteca /EDLG e as actividades en redes .
- Este curso seguiremos a usar a AULA VIRTUAL xa integrada na rutina diaria da aula
- Conseguido o proxecto EDIXGAL o profesorado seguirá a formarse para facer un aproveitamento axeitado e intentarase mellorar os demais aspectos tecnolóxicos do centro

- Teremos continuidade no CLUB DE LECTURA e no CLUB DE CIENCIAS
- Continuamos cos POLOS CREATIVOS e levaremos as actividades convenientemente adaptadas a E.Infantil
- O Proxecto Plurilingüe segue a súa marcha e este curso estará en 4º e 5º EI ,6º EI e 1º , 2º ,3º e 4º de EP
- O proxecto de INNOVACIÓN EDUCATIVA implántase na totalidade dos cursos coa aprobación do novo PEC e contemplando as seguintes melloras no proceso ensino-aprendizaxe
 - Aprendizaxe Significativa, Colaborativa e Experimental
 - Proxectos cooperativos
 - Acompañamento curricular
 - Vínculos emocionais
 - PDI que tece os fíos que une a toda a comunidade
 - Formación en benestar mental
 - Fomento da actividade física-deportiva
 - Desenvolvemento sostible
 - Alimentación saudable e consciente
- Este curso seguiremos coa formación PFPP nas 3 liñas:
 - Liña 1 formación Stem-Polos cretaivos
 - Liña 2 Innovación educativa con formación en Metodoloxías Activasen Ciencias
 - Liña 3 Internacionalización “ Erasmus +”
- Dentro do Programa Convive seguiremos a facer do noso centro un lugar seguro e acoledor .Dentro das accións previstas:
 - seguro acondicionamento dos distintos recunchos
 - actividades de cohesión tanto para o alumnado como para o profesorado
 - Programa de Mediación
 - Xuntas de delegados de 4º,5º e 6º co Observatorio de Convivencia

A nosa intención sigue sendo crear un clima de responsabilidade compartida que favoreza a aprendizaxe, de boas relación persoais coa resolución de conflitos de forma pacífica e a satisfacción de toda a comunidade educativa afrontando os cambios con tranquilidade e motivación.

A Coruña,14 outubro 2024

A EQUIPA DIRECTIVA DO CEIP ALBORADA

2.-O CENTRO -AS INSTALACIÓNS

O CEIP Alborada, construído no 1976, ten na actualidade:

- 5 unidades de E. Infantil

- 13 unidades de E. Primaria.

O pasado curso leváronse a cabo varios cambios como foi a creación de aulas temáticas e aulas de idiomas ademais das meras reparacións de mantemento. Son unha parte de todas as melloras que consideramos necesarias no centro para optimizar espazos e mellorar a sensación de acollemento.

Este curso seguiremos a realizar as obras que poidamos e insistiremos ante as Institucións para que se realicen as que faltan e son competencia deles como sería o cambio de Instalación Eléctrica para ter unha potencia axeitada ao material do que dispoñemos .

Temos pendentes:

- Rematar acondicionamento da Aula Stem de Infantil
- Dotar de mais material as aulas temáticas
- Creación dunha aula de xogos de mesa
- Realizar a obra da “Pecera” da Radio

3.-ORGANIZACIÓN PEDAGÓXICA

- Reunión xeral o primeiro luns de mes de 16.00 a 16.15 horas
- As reunións dos distintos órganos de coordinación docente será os luns de 16,15 a 17 h
- As titorías de pais e nais de 17h a 18 h con cita previa
- Outras reunións(PFPP;Contratos -Programa,...) serán de 18 a 19 unha vez ao mes
- Organización de Ciclos será de 18h a 19h todos os luns aproveitando estas reunións para a organización das tarefas dos Ámbitos
- En canto á temporalización das reunións será alomenos unha por mes Comisión de Coordinación Pedagóxica, Equipo de Dinamización Lingüística, Equipo de Orientación, Equipos de dinamización da Biblioteca,das TIC'S, Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares
- Potenciar a CCP como órgano pedagóxico do centro poñendo en valor as súas decisións.
- Os coordinadores dos distintos equipos reuniranse,alomenos, unha vez por trimestre
- As especialistas de PT e AL terán reunións pautadas cos diferentes ciclos para unha coordinación óptima cos titores e titoras do alumnado ao que apoian e realizarán a súa reunión de Coordinación os luns de 17 a 18 horas.
- O observatorio de Convivencia unha vez por trimestre.
- As reunións dos órganos de goberno, Claustro e Consello Escolar, celebraranse o luns de 18 h. en adiante (e en caso de urxencia calquera outro día) mínimo unha

por trimestre de forma ordinaria e, cando sexa preciso, con carácter extraordinario ou pola vía de urxencia.

- Polo que atinxe a Equipa directiva terá:
 - 1.-Reunións diarias de coordinación en horario dispoñible.
 - 2.-Reunións mensuais para revisar a Programación Xeral.
 - 3.-Reunións telemáticas ou presenciais os mércores de 16 h-18 h.

Dentro do seu Plan de Actuación de Mellora contemplamos:

- Implicar á comunidade educativa para establecer as necesidades prioritarias a través do consenso cos compañeiros, pais, Concello e Consellería e sevizos sociais.
- Elaborar a Programación vertical entre ciclos tendo en conta e analizando as dificultades atopadas na execución das tarefas e as propostas de mellora recollidas.
- Seguir a actualizar os documentos de Centro que o necesiten
- Seguir coa mellora do contido da páxina web para que cumpla o seu obxectivo de ser o escaparate activo do centro onde a Comunidade Educativa e a cidadanía poida obter a información necesaria sobre quen somos e que facemos.
- Elaborar o Plan de Mellora necesario para o alumnado que non chega con facilidade aos obxectivos mínimos de Ciclo contemplando a realización de reforzos no espazo da aula e fóra del impartido por profesorado de LDH e por profesorado nomeado pola Consellería a través de Programas como Proa + .

Actividades a desenvolver:

- O novo Proxecto Documental Integrado(PDI) titulado **“Aventurámonos con Julio Verne”** onde a participación de toda a Comunidade Educativa e imprescindible
- O Proxecto de Arte **“ISAAC DÍAS PARDO”** levando a cabo a exposición das obras o día 1 DE ABRIL, DIA DAS ARTES GALEGAS
- Seguir coa participación en Voz Natura “Coñecemento e uso da ciencia e o método científico para protexer o medio ambiente.” dentro do Proxecto Ecolóxico de centro “ Camiño sen pegada”

- Seguir coa participación no proxecto “Prensa na Escola” por parte do alumnado de 5º e 6ºE.P
- Continuar coa mellora da Competencia Dixital tanto do profesorado coma do alumnado(ACOMPAÑAMENTO DIXITAL)
- Coordinación cos Servizos Sociais,cos Centros Cívicos e Axente Titor da Policía Municipal, para que interveñan coas familias, no caso de absentismo e outros problemas.
- Planificar e organizar as horas de docencia do profesorado para que sexa posible atender ao alumnado con necesidades educativas e mellorar os seus resultados e ,por suposto ,optimizar os recursos de profesorado especialista de PT e Al. **Este punto complícase pola falta de recursos humanos. Ao diminuír as horas lectivas no centro do profesorado e non mandar a consellería máis profesorado, reducimos en 56 horas o tempo de gardas e de apoio entre mestres.**
- Contacontos periódicos para potenciar a Biblioteca no período de 9 ás 14 h.Retomamos o Proxecto de “Contos a carón da lareira e Cantos populares” como canle nas relacións familia/escola.
- Continuar coa unificación de criterios de mellora nos hábitos alimenticios e de saúde onde é parte importante o traballo no Horto e os obradoiros alimentarios que se están a realizar cos produtos.
- Seguir coa recuperación dos xogos tradicionais e interculturais, marcando lugares estratéxicos nas pistas polideportivas para que practiquen no período de lecer: “Recreos activos e dinámicos”
- Habilitación de lugares de xogos de mesa ou pausados no interior e nun espazo do patio cuberto.
- Reestruturar o tempo de lecer nos días de choiva lixeira, baixando ao patio todo o alumnado que o desexe co equipamento apropiado para disfrutar da vida activa independentemente do tempo metereolóxico
- Impulsar a formación do profesorado. Seguiremos cos PFPP e outras formacións que resulten de interese.

Polo que atinxe aos distintos ámbitos cómpre subliñar as seguintes melloras ,todas elas iniciadas e que deben seguir a traballarse ao longo do curso.

Ámbito Organizativo

Utilización dos espazos do Centro de xeito máis práctico e funcional.

Salientar a utilización dos recunchos dos corredores onde agora temos un Espazo medioambiental, Espazo Violeta, Recuncho de Arte ,Recunchos de Lectura e a futura realización de Remansos de Paz.

Sesión lectora de 12 a 12,20 onde se prima a lectura persoal e o momento de tranquilidade e silencio

Importante indicar o gran traballo realizado polo profesorado de Educación Física na organización de material e xogos nos tempos de lecer.

- Patios dinámicos coordinados polo Orientador e Departamento de E.Física
- Creación do espazo de xogo pausado no patio cuberto
- Apertura da biblioteca no tempo de lecer co espazo creativo e de xogos de mesa
- Apertura de espazos interiores para xogos de mesa, manualidades ou conversas tranquilas.
- Actividades de Club de Lectura, Taller de Ukeles e Saltimbanquis na hora de lecer
- Realizar reunións os titores de nivel-ciclo todos os luns para revisar as programacións quincenais e lograr así a coordinación desexable no seu traballo co alumnado sempre respectando a diversidade.
- Realizar reunións proactivas da Comisión Pedagóxica para propoñer directrices ,revisar os documentos vivos e valorar o seguimento das coordinación de niveis e internivelais.
- Solicitar as axudas para o fomento do galego nos centros públicos, os proxectos de formación do Centro, seminarios e grupos de traballo e o Plambe.
- Uso real da biblioteca por parte de todas as aulas no seu horario de clase para a realización de actividades ou o simple disfrute da lectura.
- Potenciar o uso das Tics incidindo en que todos teñan semanalmente polo menos unha hora de participación na sala de ordenadores, aulas virtuais activas e proxectos de acompañamento dixital trimestrais.

Ámbito das Relacións

- Realizar reunións de Claustro e Consello Escolar.
- Implicar ao profesorado nas actividades que o Centro realice na dinamización lingüística, biblioteca e convivencia escolar, grupos de traballo, Proxecto Voz Natura e actividades complementarias e extraescolares.
- Potenciar a imaxe do Centro de cara ao exterior a través de publicacións nas redes (WEB e INSTAGRAM), xornada de portas abertas e participación en Proxectos Municipais e Solidarios

- Achegar un pouco máis o Centro ao ANPA a través de actividades como:
 - Contos a carón da lareira e cantos populares.
 - Colaboración nas campañas de agosto, festival de Inverno e festival de final de curso e festa de Fin de Etapa para o alumnado de 6ºE.P
 - Obradoiros realizados polos pais e nais programados en función dunha unidade didáctica o proxecto que se este a levar a cabo
 - Organizar charlas que poidan ser de interese para os pais e nais.
 - Creación de escola de Pais e Nais
- A mellora da participación das familias nos proxectos do Centro.
- Organizar co IES Elviña unha serie de colaboración en temas de interese compartido e manter unha xornada de Portas Abertas co alumnado de 6º de Educación Primaria, e unha xornada deportiva co alumando.
- Colaboración con outros centros da contorna realizando torneos deportivos

Ámbito Educativo

- A recuperación e reforzo con desfase curricular desde un prantexamento inclusivo.
- Mellora de competencias claves, con prioridade para CL e CM, e tratamento de información: dixital, social e cidadán.
- Mellora do traballo cooperativo coa realización de distintos proxectos onde a labor de investigación, exposición e colaboración resulte imprescindible para acadar resultados e así mellorar a CAA e CSIEE
- Seguir mellorando a competencia STEM tanto do profesorado coma do alumnado.
- Impulsar a través da coordinación cos centros cívicos, Departamento de Orientación, titorías e centros específicos unha maior operatividade para motivar ao alumnado máis desfavorecidos e mellorar a súa asistencia e puntualidade á escola
- Seguir insistindo a través dos titores na mellora da limpeza do Centro, hábitos hixiénicos e de consumo, respecto ao entorno utilizando papeleiras e separación dos materiais de reciclaxe .
- Promover actividades que incidan na importancia da nosa lingua.
- A mellora do desenvolvemento das linguas a través de obradoiros de lecto-escritura e da biblioteca escolar.
- Mellorar os hábitos de estudio do alumnado.

Ámbito Executivo

- Actualizar os documentos vivos do centro
- Intentar mediante a implicación do profesorado de garda que as 2 horas da tarde conteñan unha vez ao mes unha actividade de Cine ,contacontos...

- Recoller os acordos nas actas e remitilas por correo-e para reducir o gasto en papel.
- Utilizar a Aula Virtual apartado Documentación Profesorado para que o profesorado teñan a súa disposición todo o necesario e así contribuir ao aforro de papel.
- Elaborar un Plan de Potenciación das Linguas por parte dos coordinadores de Inglés, Proxecto Plurilingüe e EDLG
- Mellorar o Proxecto Lector coa inclusión de Itinerarios lectores colaborando a Responsable de Dinamización da Biblioteca e os Coordinadores de Ciclo .

4.-ORGANOS COLEXIADOS

CEIP ALBORADA
Curso 2024/2025

Equipa Directiva

- **Directora:** María Iglesias Iglesias
- **Xefatura de estudos:** Paola Losada Monelos
- **Secretaria:** Silvestre Fernández Pinillos

Departamento de Orientación

Javier Rey Sucunza

- AL: María Teresa Fuciños Castro
- PT: Ana Ramos Fernández
- PT: Montserrat Barros Grela
- PT: Beatriz Freire Lodeiro

Profesorado educación infantil:

- 4º inf A : María del Carmen Méndez Fernández
- 4º inf B :Paula Fernández Mosquera
- 5º inf A : Juan Casal López
- 5º inf B :María Lourdes Viana Eiriz
- 6º inf: Mónica Escariz Dafonte
- **Apoio** : Paula Rey Hernández

Profesorado especialista:

- **Inglés:**
Marisol Gándara Sánchez(infantil e 1º ciclo)
Paula Gómez del Valle Gómez (3º)
María de los Ángeles Otero García(4º, 5º e 6º).
- **Música:**
Magdalena Casal Crego
(plurilingüe en 2º ciclo)
- **Educación física:**
Silvia Lavandeira Calvo e Manuel Casal Garrido

Profesorado educación primaria:

- 1º A: Cristina Pena Vicente
- 1º B: Cristina Tenreiro Martínez
- 2º A: Azucena Nantón Blanco
- 2º B:Amelia Rabuñal Rodero
- 3º A: María Dolores Ruíz Belenda
- 3º B: María Teresa García Regueira
- 4º A: Paola Losada Monelos
- 4º B: Iria López Veiguela
- 5º A: Paula Gómez del Valle Gómez
- 5º B: Iria Martín López
- 6º A: María Iglesias Iglesias
- 6º B: Silvestre Fernández Pinillos
- 6º C: Ana Belén Fuentes Velo

CONSELLO ESCOLAR

CONSELLO ESCOLAR 24/25

Presidenta: Dª María del Carmen Iglesias Iglesias

Secretario: Dº Silvestre Fernández Pinillos

Xefa de Estudos: Dª Paola Losada Monelos

Representantes do profesorado

Dª Mª Dolores Ruíz Belenda

D. Manuel Casal Garrido

Dª Montserrat Barros Grela

Dna. Mª Magdalena Casal Crego

Dna. Marisol Gándara Sánchez

Representantes dos pais/nais

Dna. Aixa María Santaclara Miranda

Dna. María Cruz Lorenzo Rivadulla

Dna. Maria Jesús Fernández Garrido

Dna. Alba Méndez Cabanas

5.-EQUIPOS DOCENTES

- Impártese dentro do Programa Pluriinfantil unha sesión en 4º ,5ºE 6º de Educación Infantil .
- Impártese dentro do Programa Plurilingüismo Educación Plástica en 1º ,2º, 3º E 4ºde Educación Primaria en inglés impartida pola mestra Cristina Tenreiro en 1º ciclo e Magdalena Casal en 2º ciclo
- Os especialistas de Inglés,Música e Educación Física tamén impartirán unha sesión en cada curso de E.I.
- Mestras relixión :
 - R.Evanxélica : Karina P.Carballo Machado(media xornada)
 - R.Católica: Maria Pilar Martinez (compartida e pertence ao claustro do CEIP Valle Inclán de Oleiros)

Equipo de Educación Infantil:

- M^adel Carmen Méndez Fernández
- Paula Fernández Mosquera
- Mónica M^a Escariz Dafonte
- Juan Casal López
- Maria Lourdes Viana Eiriz
- Paula Rey Hernández(**Coordinadora**)
- Marisol Gándara Sánchez(Inglés)
- Ana Ramos Fernández(PTmedia xornada)
- Patricia Villara Penas(PTmedia xornada)
- M^aTeresa Fuciños Castro(AL)

Equipo de 1ºCiclo de Primaria

- Cristina Pena Vicente
- Cristina Tenreiro Martínez
- Maria Azucena Nantón Blanco(**Coordinadora**)
- Amelia Rabuñal Rodero
- Beatriz Freire Lodeiro(PT)
- Manuel Casal Garrido(EF)

Equipo de 2º Ciclo de Primaria

- Magdalena Casal Crego(música)
- Maria Teresa García Regueira
- Silvia Lavandeira Calvo(EF)
- Iria López Veiguela
- Paola Losada Monelos
- Javier Rey Sucunza(Orientación)

- Maria Dolores Ruiz Belenda(**Coordinadora**)

Equipo de 3ºCiclo de Primaria

- Maria Carmen Iglesias Iglesias
- Silvestre Fernández Pinillos
- Iria Martín López(**Coordinadora**)
- Ana Belén Fuentes Velo
- Maria de los Ángeles Otero García (Inglés)
- Paula Gómez del Valle Gómez
- Montserrat Barros Grela(PT)

Equipo de Dinamización da Lingua Galega:

D. Manuel Casal Garrido (coordinador.)	- equipo docente 1º ciclo
Dª.Maria Teresa Fuciños Castro	– equipo docente infantil.
Dª. Maria Lourdes Viana Eiriz	
Dª. Mª Dolores Ruíz Belenda	– equipo docente 2º Ciclo
Dª. Mª del Carmen Iglesias Iglesias	
Dª Paula Gómez del Valle Gómez	– equipo docente 3º Ciclo.

Comisión de Coordinación Pedagógica:

Dª Mª Carmen Iglesias Iglesias	Presidenta
Dª Paola Losada Monelos	Xefa de Estudos
DSilvestre Fernández Pinillos.	Coordinadora Edixgal e Tics
DªPaula Rey	Coordinadora E.Infantil
Dª Azucena Nantón	1º Ciclo de EP
Dª Dolores Ruiz	2º Ciclo de E.P
Dª Iria Martin López	3º Ciclo de E. Primaria e Polos C.
DªMarisol Gándara Sánchez	Coordinadora Biblioteca
DmªAngeles Otero Garcia	Coordinador Plurilingüe
Dª Beatriz Freire	Mestra PT
Dª Cristina Pena Vicente	Coordinadora EACE
D. Javier Luis Rey Sucunza	Orientador
Dª Teresa Fuciños	Mestra AL
Dª Ana Ramos Fernández	Mestra. de PT(½)
D.Patricia Villar	Mestra de PT(1/2)
Dª Montserrat Barros Grela.	Coordinadora Benestar e mestra de PT
DªManuel Casal Garrido	Coordinador de EDLG
DªMagdalena Casal	Coordinadora Erasmus e Secretaria

Comisión Convivencia Escolar:

D ^a M ^a Carmen Iglesias Iglesias	Presidenta
D ^a Paola Losada Monelos	Xefa de Estudos
D. Silvestre Fernández Pinillos	Secretario
D. Javier Luis Rey Sucunza	Orientador
D ^a Alba Méndez.	asociación de pais/nais
D ^a M ^a Cruz Lorenzo Rivadulla.	Representante de pais/nais
D ^a Magdalena Casal Crego	Representante do profesorado
D. Manuel Casal Garrido	Representante do profesorado
D ^a Montserrat Barros Grela	Coordinadora de Benestar

Departamento de Orientación:

D ^o Javier Luis Rey Sucunza	Xefe do Departamento
D ^a Teresa Fuciños	Mestra AL
D ^a Ana Ramos Fernández	Mestra. de PT(1/2)
D ^a Patricia Villar	Mestra PT(1/2)
D ^a Montserrat Barros Grela	Mestra de P. T.
D ^a Beatriz Freire	Mestra de P.T.
D ^a Paula rey	Coordinadora de Infantil
D ^a Azucena Nantón	Responsable do 1 ^o ciclo
D ^a Dolores Ruíz	Responsable do 2 ^o ciclo
D ^a Iria Martin	Responsable do 3 ^o ciclo

Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares:

-D ^a Cristina Pena Vicente	Coordinadora equipo
-D ^a Beatriz Freire Lodeiro	Mestra PT
-D ^a M ^a Carmen Méndez Fernández	Mestra de Ed. Infantil
-D ^a M ^a Angeles otero García	Mestra de Inglés
-D ^a Magdalena Casal	Mestra de Música
-D ^a Ana Belén Fuentes Velo	Mestra de Ed. Primaria
-D ^a María Teresa García Regueira	Mestra de Ed. Primaria

Equipo de Dinamización da Biblioteca:

D ^a Marisol Gándara Sánchez	coordinadora
D ^a Mónica María Escariz da Fonte	Mestra de Ed. Infantil
D ^a Paula Rey	Mestra de Ed. Infantil
D ^a Amelia Rabuñal Rodero	Mestra de Ed. Primaria
D ^a Cristina Tenreiro Martinez	Mestra de Ed. Primaria
D ^a Iria López Veiguela	Mestra de Ed. Primaria
D ^a Montserrat Barros Grela	Mestra de. P.T
D ^a Teresa Fuciños	mestra AL.
D ^a Karina P. Carballo	Relixión Evanxélica

Equipo de dinamización das TIC'S

D.Silvestre Fernández Pinillos.Mestre de E.P. (coordinador e coordinador Edixgal	
D ^a Iria Martín López	mestra EP e Coord Polos C.
D. Paola Losada Monelos.	Mestre de E. Primaria
D ^a Silvia Lavandeira Calvo.	Mestra de E.F.
D.Juan Casal López	Mestre de EI
D ^a Javier Rey Sucunza	Orientador
D ^a Azucena Nantón	Mestra de Primaria
D.Paula Fernández Mosquera	Mestra de E.I

6.-OBXECTIVOS DE CENTRO

O noso plan de traballo para este curso escolar queremos que sexa de estabilidade e que garante unha continuidade dos proxectos iniciados no curso anterior tendente a consecución dos seguintes obxectivos:

- **Fortalecemento do cambio de metodoloxía**

Despois do inicio no curso pasado do traballo por Ámbitos de aprendizaxe un día a semana este curso toca fortalecer esta dinámica e xa considerala coma parte identitaria do centro.

Os docentes traballan nas programacións agrupados polos ámbitos xa concretados nos diferentes ciclos os aspectos do currículo a traballar

Este curso o traballo distribúese do seguinte xeito

CICLO	DIA	ÁMBITOS	TAREFAS
Infantil Equipos de alumnado misturado de 4º/5º/6º EI	Mércores	Letras-Comunícate Ciencias Stem Matemático	Dúas por trimestre
1º ciclo Equipos de alumnado misturado de 1º e 2ºEP	Mércores	Letras-radio Ciencias Stem Matemático Artístico-Plurilingüe	Dúas por trimestre
2º ciclo Equipos de alumnado misturado de 3º e 4ºEP	Xoves	Letras-radio Ciencias Stem Matemático Artístico-Plurilingüe	Dúas por trimestre
3ºciclo Equipos de alumnado misturado de 5º e 6º EP	Martes	Letras-radio Ciencias Stem Matemático Audiovisual-Plurilingüe	Dúas por trimestre

- **Aproveitar os recursos**

Insistiremos nos obxectivos de cursos anteriores de fomento de hábitos, destrezas, actitudes e valores de respecto e colaboración de cara ao medio que nos rodea, organizando as saídas de tal xeito que as visitas que elixan os titores sexan complementarias do currículo e o máis adecuadas para conectar co entorno: reciclado, ...

Ademais este curso as actividades de centro terán como nexos de unión a PDI “AVENTÚRATE CON JULIO VERNE” buscando a Mellora da competencia lingüística e da Competencia Científica

- **Programacións didácticas**

As programacións de E.P. e Educación Infantil realizaranse na aplicación PROENS **segundo xa a nova lei de Educación (LOMLOE)**

Todos os niveis aportarán Plans de traballo quincenais que se arquivan na xefatura de estudos e que servirán de confirmación das coordinacións dos titores/as e de consulta nos casos de substitucións.

- **Actualizar o Plan de mellora de Bibliotecas Escolares:**

O curso 2024/25 levará consigo unha consolidación do concepto da biblioteca como orixe e coordinador de actividades comúns a todo o centro e a migración ao Plan Koha

- **o Proxecto lector: Plan anual de lectura**

Existe no noso colexio unha notable inxenuidade polo nivel de competencia lectora do noso alumnado, polo cal decidimos seguir ao longo de todo o curso co Programa de lectura silenciosa sostida, no que participe todo o Centro ao mesmo tempo: alumnado e profesorado, len en silencio un libro da súa elección que previamente escolleron da Biblioteca de aula ou da súa casa. Tanto os nenos/as como os mestres/as seleccionaron previamente o que desexan ler.

Ao ler todos os cursos de xeito simultáneo xérase un ambiente lector no que o ruído está controlado e cóntase cun tempo fixo sen interrupcións despois do tempo de lecer. Faremos avaliacións periódicas para comprobar os seus resultados, sendo o propósito último, crear hábitos lectores, lograr o descubrimento do pracer pola lectura e formar lectores independentes que lean textos por medio da auto-elección de libros.

Temporalización: Ao longo de todo o curso incidirase no fomento das habilidades lectoras do alumnado, potenciarase o uso da biblioteca incrementando os préstamos, e dinamizarase coherentemente para que haxa máis afluencia polas tardes.

Dentro do Plan de mellora da lectura todos os niveis teñen recomendacións lectoras que se traballan nas aulas de xeito dinámico.

- **Plan TIC'S**

Utilizaremos a páxina Web como vehículo de comunicación entre as familias e o Centro. A comunicación non presencial cos responsables será pola plataforma ABALAR ,salvo excepcións debidamente xustificadas, axudando a resolver dúbidas que poida suscitar a súa instalación e uso.

Dentro das posibilidades económicas farase

- Posta ao día da aula de informática do centro (con instalacións de recursos adaptados ao noso alumnado).
- Mantemento e posta ao día do resto de equipamento informático do centro.

Revisarase a programación de uso das TABLETS para darlles un uso mais continuado (e podelas empregar nos ámbitos de forma adecuada)

Seguimos a priorizar o seu uso polo alumnado de NEAE

Este curso:

- Seguimos con EDIXGAL EN 5º e 6º de E.P.
- Aula STEM de infantil
- Aula Stem 1º --2º e 3º ciclo de E.P con traballo nos ordenadores.
- Consolidamos o uso de material de Polos Creativos a nivel centro

7.- ALUMNADO NEAE

En canto ao alumnado con N.E.A.E., traballaremos na liña do curso anterior, realizando funcións de coordinación, colaboración, apoio e asesoramento ás familias e profesorado do CEIPP. Alborada, levando a cabo revisións e seguimento sistemático destes nenos e nenas, coa finalidade de mellorar e proporcionarlles día a día, unha mellor atención educativa.

Seguiremos mellorando na medida do posible as relacións cos especialistas de atención temperá, neurólogos, psiquiatras, logopedas, e tamén con outros organismos, que están directamente relacionados con este alumando.

O Departamento de Orientación do Centro traballa en estreita colaboración cos servizos sociais do Concello, demais centros de educación primaria e IES Elviña (centro receptor da maioría dos nosos alumnos/as) en reunións periódicas fixadas previamente.

O Plan Xeral de Atención á Diversidade foi elaborado o curso anterior e neste levarase a cabo a súa revisión por ser un documento vivo

8.-XORNADA ESCOLAR

- Horario e profesorado de garda:

O colexio Alborada aplicando a normativa reguladora da xornada escolar, Orde do 18 de abril de 1993 (DOG do 23 de abril de 1993), realizado todo o proceso e cumprindo tódalas normas, foi autorizado a ter a xornada en sesión única. E logo da posterior Orde do 23 de maio do 2011 pola que se regula a xornada do persoal funcionario e laboral docente, acordou o seguinte proxecto:

a) Horario de apertura matinal do patio exterior: 8:50 horas

Peche: 14:10 horas

A entrada do alumando do Programa de Madrugadores será pola cancela de acceso ao patio exterior en horario de 7:30 a 8:40 horas.

A saída do comedor será pola porta exterior do colexio ás 15:00 h e ás 16:00 h.

Os días da actividade de patín, os neno/as entrarán pola cancela de acceso ao patio exterior ou pola porta de acceso ao pavillón.

Nas demais actividades os neno/as serán recollidos e entregados pola cancela de acceso ao patio exterior polo monitor correspondente.

No caso da actividade de biblioteca escolar de 16h a 18 h o alumnado e recollido polo profesorado de garda e entregado pola Conserxe de tarde as familias pola porta principal.

b) Horario lectivo: O Centro terá xornada continuada de mañá durante todo o curso escolar de 9 a 14 horas.

O alumando de E. Infantil de 3 anos, logo do plan de adaptación, incorporanse a tempo completo .

A distribución de horarios de cada grupo do alumnado, do profesorado, horario de gardas, horario da Equipa Directiva inclúense no Anexo.

O horario de atención aos pais/nais por parte do profesorado será o luns de 17h a 18 horas previa cita. De maneira excepcional e debidamente xustificada poderá realizarse algunha titoria coas familias en outro horario.

No noso colexio a xornada de traballo distribúese do seguinte xeito:

Horas lectivas	23 horas
<p>Horas coordinación/titorías (luns de 16 a 19h)</p> <p> ÁS 16h previamente as reunións poderá haber unha reunión xeral para a resolución de dúbidas ou comunicacións xerais (unha vez ao mes ou cando a ED a considere necesaria por motivos organizativos)</p> <ul style="list-style-type: none"> - De 16,15 a 17 horas: reunións dos Equipos de Dinamización, CCP, DO - De 17 a 18 horas: titorías de pais/nais - De 18 a 19 : <ul style="list-style-type: none"> • Reunións de Ciclos • Reunións de ámbitos <p>Trimestralmente ou coa periodicidade que se considere necesaria para o correcto funcionamento do Centro e o cumprimento da normativa levaranse a cabo</p> <ul style="list-style-type: none"> • Claustros • Consellos Escolares <p>No horario máis axeitado poidendo celebrarse ás 16 horas ou as 18 horas .</p>	3horas
Tarde de garda (periodicidade unha vez ao mesde 16 a 18 h,contemplando a posibilidade de realizarse en tardes seguidas) na	2 horas

biblioteca do centro e de atención ante posibles imprevistos co alumnado de actividades	
Garda de bus/entrada (unha vez por semana de 8.45 a 9:00)	15min
Formación do profesorado nos PFPP de centro	mércores
Xuntas de Avaliación (as xuntas de avaliación repartiranse en tres días para garantir a súa calidade) Avaliacións inicial,1º,2º	Luns/martes /mércores (16 a 18,30 h) Sinalados no Plan trimestral pola XE
Avaliación 3º e final	Ao finalizar o curso escolar lectivo do alumnado

Todo o profesorado do Centro, incluída a Equipa Directiva , fan gardas de entradas e de tempo de lecer coa distribución axeitada para o correcto funcionamento do Centro e respetando o cumprimento de ratio.

No tempo de lecer o alumnado pode desfrutar do espazo exterior,da biblioteca e dos espazos de xogos de mesa habilitados no interior

No caso de choiva miúda o alumnado poderá baixar ao patio con normalidade co equipamento apropiado

9.- OBXECTIVOS DOS EQUIPOS DE TRABALLO

EQUIPO EDUCACIÓN INFANTIL

1. Obxectivos Xerais:

- Achegarse ao coñecemento da figura do escritor Julio Verne e das súas obras, aproveitando a temática destas para que o alumnado adquiera aprendizaxes das diferentes áreas do currículo.
- Identificar os propios sentimentos, emocións, necesidades

e preferencias; ser capaces de expresalas e comunicalas, así como identificar e respectar os dos demais para mellorar a convivencia no ámbito escolar.

- Continuar coa metodoloxía de traballo por ámbitos, onde se fomentará que o alumnado adquira contidos das diferentes áreas dun xeito colaborativo entre os tres niveis de ciclo.
- Fomentar as relacións entre o alumnado de diferentes niveis a través de xogos tradicionais e cooperativos que se realizaran principalmente no patio de recreo no horario que ten predeterminado cada aula dentro de cada xornada escolar.
- Participar en todas as actividades e conmemoracións propostas polos diferentes departamentos do centro para o presente curso, sempre que sexan axeitadas a súa idade, así como nos distintos grupos de traballo que se organicen no centro.
- Desenvolver habilidades sociais e hábitos de convivencia (entradas e saídas en orde, uso correcto dos corredores e escaleiras, celebración de festividades e conmemoracións...) e fomentar actitudes respectuosas do alumnado en diferentes situacións.
- Continuar coa campaña de animación a lectura iniciada nos cursos anteriores e participar no Proxecto Lector fomentando o uso da lingua galega nos diferentes proxectos e actividades da escola.
- Achegar os nenos e nenas as producións audiovisuais e ao

coñecemento, coidado e uso, na medida das súas posibilidades, das tecnoloxías da aprendizaxe e do coñecemento (TAC).

- Iniciar e progresar no coñecemento da Robótica e das TICs.
- Fomentar que as familias se involucren na formación dos seus fillos e fillas e tomen conciencia da importancia de manter unha relación de coordinación e colaboración entre a familia e a escola.
- Dinamizar as canles informativas entre a familia e a escola mediante a elaboración de circulares sobre aspectos xerais e organizativos de E. Infantil, que se farán chegar principalmente por Abalar e colgaranse tamén na páxina web do centro se se considera oportuno.

A. EQUIPO DO 1º CICLO DE EDUCACIÓN PRIMARIA

1. Obxectivos Xerais.

Os obxectivos xerais propostos polo equipo docente do 1o ciclo para o curso son:

- Revisar as programacións didácticas e facer as correccións oportunas revisando e actualizando os contidos en relación aos ámbitos.
- Continuar a traballar nos Plans de Centro na programación interrelacionando o traballo coa PDI de Julio Verne.
- Axudar aos nenos e nenas a resolver de forma pacífica os conflitos que xurdan en calquera ámbito escolar.
- Mellorar a actitude de atención e respecto do alumnado.
- Incidir nun comportamento axeitado durante os desprazamentos dos alumnos/as polo centro
- Promover e concienciar ás familias da importancia que ten un descanso nocturno axeitado e un bo almorzo pola mañá no rendemento escolar dos seus fillos/as.
- Promover e concienciar ás familias do compromiso que ten o centro nos obxectivos de Saúde e Sostibilidade polo que se lles solicita a

colaboración para que todos os nenos traian unha merenda saudable.

- Fomentar, no alumnado, o coidado do entorno e a necesidade de protexer o medio ambiente, inculcando, especialmente, a reciclaxe dos materiais de uso habitual como papel e cartón e o vidro.
- Crear hábitos de limpeza e aseo persoal.
- Fomentar hábitos de puntualidade no alumnado.
- Respetar as normas de convivencia do centro.
- Convivir de maneira óptima no recinto escolar.
- Coidar o material escolar dun mesmo e do resto de compañeiros e

compañeiras.

- Respetar as normas dos diferentes espazos do centro escolar (ximnasio, biblioteca, aula de informática...).
- Contribuír ao desenvolvemento de actividades do centro.
- Realizar tarefas de maneira cooperativa .
- Ter unha disposición óptima de cara as tarefas a levar a cabo.
- Desenvolver estratexias para dar resposta as dificultades que se atopan os discentes no día a día.
- Desenvolver un espírito crítico e emprendedor nos discentes.
- Empregar as tics como medio a desenvolver as actividades programadas da clase.
- Promover as relacións sociais de forma segura

2. Actividades.

As accións previstas por este equipo serán

- . Utilización habitual de Abalar e o Aula Virtual para a comunicación coas familias.
- Utilización habitual nas clases do material dixital propio do encerado dixital interactivo e o manexo básico do mesmo.
- Uso de programas educativos interactivos como reforzo e ampliación.
- Iniciación á Internet e á ofimática promovendo a colaboración con outros compañeiros/as.
- Consulta de dicionarios dixitais.
- Emprego de apps nas PDI.
- Cumprimento do tempo establecido para a lectura diaria na aula.

- Pequenas dramatizacións de contos e lecturas de distintos tipos de textos.
- Uso das bibliotecas de aula e centro, respectando as normas das mesmas.
- Colaboración e coordinación cos outros equipos docentes nas distintas actividades propostas e no traballo interdisciplinar marcado.

3. Actividades Complementarias.

Participaremos nas diferentes actividades programadas e propostas polo EACE asícomonas que propoña o EDLG o Equipo de Convivencia, o Equipo de Biblioteca... Intentamos levar a cabo unhas actividades que teñan como obxectivo promover a integración dos menores inmigrantes e a dos emigrantes retornados dentro do eido educativo; promocionando outros aspectos culturais, favorecendo así a interrelación cultural, e fomentando espazos de lecer alternativos, o traballo en grupo e o aspecto lúdico das relacións interculturais. Estas actividades iranse matizando ao longo do curso, tratando de facer partícipes a maior parte da comunidade escolar.

4.-Recursos Didácticos.

Durante este curso, empregaranse diferentes recursos,

<ul style="list-style-type: none"> ● Material impreso: libros de texto, fichas de reforzo, ampliación e avaliación, libros de lectura da biblioteca, murais...
Material audiovisual.
<ul style="list-style-type: none"> ● Material dixital: encerado dixital interactivo, programas dixitais para o PDI, programas informáticos axeitados
<ul style="list-style-type: none"> ● A propia contorna escolar.
<ul style="list-style-type: none"> ● Útiles de limpeza. <ul style="list-style-type: none"> • Materias de refugallo e de reciclaxe. • Plantas • Xogos didácticos e tradicionais

5.-Avaliación.

A avaliación dos obxectivos propostos farase empregando a observación directa, continua e globalizada que nos permitirá corrixir as formulacións que non desen o resultado previsto. Poderanse avaliar diferentes aspectos nos diferentes ámbitos de xeito globalizado e interdisciplinar. A continuación descríbense as porcentaxes que determinarán a nota final trimestral:

50% Grao de adquisición das competencias clave e consecución dos obxectivos mínimos.

30% Traballo de clase.

20% Actitude.

B. EQUIPO DOCENTE DO 2º CICLO

Os obxectivos xerais propostos polo equipo docente de 2º Ciclo para o presente curso son os seguintes:

- Revisar as programacións didácticas de 3º e 4º facendo as correccións oportunas e adecuando os obxectivos e os contidos ás necesidades reais dos nenos e nenas.
- Pedir a colaboración e o asesoramento do Departamento de Orientación na busca de solucións para as dificultades dos nenos e nenas na súa aprendizaxe.
- Dar reforzo ao alumnado que o precise, sobre todo nas áreas instrumentais, cando non acaden os obxectivos recollidos nas programacións.
- Buscar novos recursos e materiais para traballar os diferentes contidos do nivel e sacar o maior proveito posible deles.
- Realizar reunións de nivel coa finalidade de coordinar a nosa tarefa educativa e compartir as nosas experiencias dentro da aula.
- Participar nos diferentes proxectos colectivos que se desenvolven no centro:
- Recoller información do alumnado e das familias: avaliación inicial do alumnado e recursos telemáticos dos que dispoñen.
- Coñecer e apreciar os valores e normas de convivencia, aprender a actuar de acordo a elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos e o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- Adquirir habilidades para a prevención e resolución pacífica dos conflitos que lles permita desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e nos grupos sociais cos que se relacionan.
- Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da súa personalidade e nas súas relacións cos demais, así como unha actitude contraria a violencia, aos prexuízos de calquera clase e aos estereotipos sexistas.

- Mellorar os cambios de aula facéndoo de xeito máis ordenado e silandeiros para non interferir no traballo das outras aulas e mellorar os comportamentos nas entradas e saídas do centro e na subida do recreo.
- Facer uso da Aula Virtual de xeito habitual.
- Continuar empregando as TIC'S e os recursos audiovisuais do Centro de xeito individual e colectivo, aprendendo de forma colaborativa a través de sesións de apadriñamento dixital por parte do alumnado de 5º e 6º organizado polo lo equipo TIC.
- Fomentar o traballo colaborativo no grupo aula a través de obradoiros internivelares.
- Utilizar a biblioteca escolar, integrándoa na práctica docente, transformándoa nun centro xerador de actividades que desenvolvan hábitos lectores, competencias escritas e habilidades de aprendizaxe e socialización.
- Continuar fomentando a lectura tanto co sistema de préstamos da Biblioteca como na aula dentro do PLSS.

2. Actividades

Ao longo do curso escolar desenvolveranse actividades relacionadas cos seguintes aspectos:

- Actividades relacionadas coa promoción de actitudes e comportamentos non violentos.
- Actividades que fomenten a confianza e o diálogo entre o alumnado, os profesores e as familias e o respecto mutuo entre os membros da comunidade educativa, non tolerando actitudes de ofensa, abuso, acoso ou maltrato de ningún tipo.
- Actividades sinxelas de aproximación á realidade: lecturas de contos e imaxes ou dramatizacións para guiar aos alumnos a identificar situacións de acoso, violencia ou emerxencia; aprendendo a buscar solucións ou a poñerse de acordo con outros e a colaborar e mostrar empatía na procura da resolución do conflito ou problema.

- Accións encamiñadas a entender o seu traballo como medio de realización persoal e como mellor contribución á sociedade, aprendendo dos erros e sendo constantes no seu esforzo, gozando do traballo feito cada día.
- Utilización do PAT como instrumento de coordinación entre os equipos docentes e mellora do clima de convivencia. Utilización do diálogo como forma de resolución pacífica de conflitos, de intercambio de ideas e de participación, escoitando e valorando as diferentes opinións.
- Uso individual dos ordenadores de aula: vídeos educativos e actividades de reforzo a través da Aula Virtual, consulta de datos, mapas, dicionarios dixitais...
- Fomento da lectura de todo tipo de textos.
- Preparación e realización das distintas actividades e celebracións do Centro.
- Participación no Xornal escolar.
- Contribución ao mantemento da limpeza do centro.
- Participación no Proxecto Voz Natura, vinculado á conservación do medio ambiente.
- Participación na PDI “Aventúrate con Julio Verne”, realizando as actividades propostas dende a biblioteca, facendo dela un espazo de creatividade e integrándoa na práctica docente, para que desenvolvan hábitos lectores, competencias escritas e habilidades de aprendizaxe e socialización.

3. Recursos Didácticos

Empregaremos tanto os dispoñibles no Centro coma outros que se poidan adquirir dende o mesmo ou dende a aula:

- Pizarra dixital, proxector e ordenadores de aula
- Biblioteca do Centro e da aula
- Material impreso: libros de texto, xornais e revistas, libros de lectura, láminas murais, fichas de reforzo e ampliación...
- Cadernos de traballo
- Encerado, globo terráqueo, reloxo, corpos xeométricos, ábacos...
- Xogos de mesa tradicionais e actuais.

4. Avaliación

A avaliación dos obxectivos propostos farase empregando a observación directa, continua e globalizada que nos permita corrixir as formulacións que non desen o resultado previsto.

5. Actividades Complementaria

Participaremos nas diferentes actividades programadas e propostas polo Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares do Centro, así como nas que propoña o Equipo de Dinamización da Lingua Galega, o Equipo de Convivencia, o Equipo de Biblioteca, o Equipo TIC e outras propostas ofertadas polo Concello ou por distintos organismos culturais da localidade sempre que sexan axeitadas ao nivel do noso alumnado e suficientemente motivadoras contribuíndo a súa formación educativa e cultural

3º	Teatro, Casa das Ciencias, exposición temporal, roteiro medioambiental CEIDA, biblioteca González Garcés, roteiros de Fomento da Actividade Física, saída fin de curso
4º	Concerto didáctico, Fundación M ^ª José Jove, Torre de Hércules, obradoiro de consumo, roteiros de Fomento da Actividade Física, saída fin de curso

6. Temporalización

Ao longo de todo o curso e sempre que proceda.

D .EQUIPO DOCENTE DE 3º CICLO

1. Obxectivos Xerais:

Os obxectivos xerais propostos polo equipo docente de 3º ciclo para o presente curso son os seguintes:

- Continuar fomentando os hábitos de limpeza, orde e estudo, valorando o esforzo para acadar confianza nun mesmo e autonomía para aprender.
- Crear un clima de respecto e sana convivencia con todos os membros da comunidade escolar, aceptando a diversidade como fonte de enriquecemento persoal e social.

- Seguir mantendo unha relación fluida coas familias e intentar mellorar en aquelas que presenten unha menor implicación.
- Mellorar o proceso de ensino e aprendizaxe.
- Continuar co Plan de lectura silenciosa.
- Desenvolver de maneira axeitada o Proxecto de educación dixital no nivel, facendo un uso eficaz dos recursos tecnolóxicos disponibles.
- Manter a estreita colaboración co Departamento de Orientación e coas maestras especialistas de PT e AL
- Participar de xeito activo nos talleres internivelares e contribuir ao seu desenvolvemento e na creación de materiais.
- Fomentar o traballo colaborativo no proceso de EA tanto a nivel de grupo-aula como de xeito internivelar.

Actividades:

- Utilizar o PAT como instrumento de coordinación entre os equipos docentes
- Empregar o diálogo como forma de resolución pacífica de conflitos, de intercambio de ideas e de participación, escoitando e valorando as distintas opinións.
- Uso dos recursos dixitais vinculados co Proxecto de Educación Dixital Edixgal.
- Utilización de diferentes materiais didácticos impresos de maneira complementaria aos anteriormente descritos.
- Fomentar a lectura de todo tipo de textos.
- Participar nos distintos concursos e certames desenvolto no centro, tanto culturais como deportivos.
- Preparación e realización das distintas actividades e celebracións do centro.
- Participación na PDI “Aventúrate con Julio Verne”, realizando as actividades propostas dende a biblioteca, facendo dela un espazo de creatividade e integrándoa na práctica docente, para que desenvolvan hábitos lectores, competencias escritas e habilidades de aprendizaxe e socialización
- Participar no xornal escolar co proxecto “Prensa na Escola”.
- Participar no Proxecto Voz Natura vinculado á conservación do medio ambiente.

Recursos Didácticos

- Todos aqueles de carácter convencional: encerados, corchos, globo terráqueo, posters, corpos xeométricos...
- Pizarras dixitais, ordenador da aula e proxectores.
- Biblioteca de centro e da aula.
- Material vinculado ao Proxecto Edixgal: ordenadores do alumnado
- Proxectos de traballo
- Recursos impresos
- Cadernos de traballo, de reforzo e ampliación
- Xogos de mesa.

Avaliación

A avaliación dos diferentes criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe avaliáveis realizarase empregando os seguintes instrumentos de avaliación:

- Escalas de observación.
- Rexistros anecdóticos.
- Análise da produción do alumnado no caderno ou no ordenador.
- Probas obxectivas.
- Intercambios orais

Temporalización

A distribución dos contidos ao longo curso nas distintas áreas de coñecemento aparece reflectida na programación didáctica do nivel. Dita temporalización contempla as diferentes aprendizaxes en cada trimestre.

Actividades Complementarias.

No referido a este apartado remitímonos ao Plan de Actividade do centro.

E.-EQUIPO DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA

O EDLG deste centro, foi constituído de novo, este curso o amparo do artigo 15 do Decreto 79/2010 do 20 de maio polo que se regula o uso e a promoción do galego no sistema educativo.

O equipo terá reunións mensuais en colaboración co Equipo de Biblioteca por considerar que son equipos con intereses compartidos

1. Obxectivos Xerais

- Promover entre o alumnado o interese e a valoración da nosa lingua.
- Fomentar o uso do galego como lingua vehicular por parte de toda a comunidade educativa do noso centro.
- Lograr que o alumnado acade unha boa expresión oral e escrita en galego.
- Incentivar a participación do alumnado en todo tipo de tarefas encamiñadas a potenciar a lingua galega.

2. Obxectivos Específicos

- Dar continuidade as actividades que deron resultados satisfactorios como os “Contos e cantos a través da lareira”, e potenciar outros que o ano pasado non tiveron tanta participación como o proxecto “Booktubers”.
- Subscrición anual ao xornal “Nós”, único xornal escrito na lingua galega.
- Informar e fomentar a colaboración nos distintos concursos que se convoquen ao longo do curso.
- Convocar como EDLG concursos literarios e artísticos. Como por exemplo “Concurso de contos de medo polo Samaín”.
- Colaborar na celebración das conmemoracións contidas no calendario escolar do presente curso.
- Elaborar o Xornal escolar coincidindo coa celebración do Día das Letras Galegas.
- Realizar una semana das Letras Galegas para fomentar a lingua galega a través de cantigas, obras teatrais, poemas...
- Promover a práctica de xogos tradicionais entre os rapaces/as do noso centro, coincidindo coa celebración das festas tradicionais galegas (Magosto, Entroido...) ou nos Recreos activos.
- Empregar o galego nas relacións do centro con outras institucións.
- Crear actitudes favorables ao galego rompendo cos estereotipos que impiden a súa normalización.
- Potenciar o uso da nosa lingua nas actividades complementarias e extraescolares.
- Colaborar activamente nas celebracións das festas tradicionais.
- Fomentar a lectura en galego, colaborando co Equipo da Biblioteca e o de Actividades Complementarias e Extraescolares. Crear uns premios que se darán ao final de curso aos alumnos e alumnas que máis libros leran ao longo de todo o curso.

- Achegar ao alumnado ás novas tecnoloxías en lingua galega.
- Mediante a radio escolar intentaremos achegar ó noso alumnado aos medios de comunicación para que estes sexan unha canle para promover, defender e promover o uso da nosa lingua.
- Coñecer o patrimonio cultural e artístico da nosa cultura fomentando saídas culturais: este curso vencellado a PDI do centro realizarase a visita a ILLA DE SAN SIMÖN

3. Contidos

- A lingua galega como medio de comunicación e expresión, en todos os eidos das relacións interpersonais do noso Centro.
- A cultura galega como parte de historia do noso pobo.
- O folclore galego como expresión musical e artística.
- A literatura galega a través dos nosos escritores, singularmente da figura escollida este curso para a conmemoración das Letras Galegas.
- As bibliotecas das aulas e do Centro como medio para a lectura de obras na nosa lingua.
- Os medios de comunicación como xornal ou a radio escolar como medio de expresión do alumnado na lingua galega.
- As TIC como medio para achegarnos a nosa língua e a nosa cultura.

4. Actividades

ACTIVIDADE	METODOLOXÍA	RECURSOS	TEMPORALIZACIÖN	AVALIACIÖN
Subscriciön ao Diario Nös, único diario escrito na lingua galega.	Lectura e traballo diario co xornal por parte do noso alumnado.	Exemplares do diario Nös	Ao longo de todo o curso escolar.	Cuantitativa e cualitativa: interese e número de traballos realizados co xornal.
O emprego do galego a través de exposicións, debates, redaccións e composiciónspoéticas en lingua galega.	Elaboración dos traballos por parte do noso alumnado coa colaboración dos Mestres titores.	Libros de texto, recursos na rede, colaboración das familias...	Ao longo de todo o curso.	Cuantitativa e cualitativa: número de traballados amosados con interese, e evolución lingüística ao longo do curso.
Recuperación das manifestacións culturais do contorno a través da	Traballo de investigación por parte do alumnado coa	Libros de texto, recursos na rede,	Ao longo de todo o curso.	Cuantitativa e cualitativa: número de traballados amosados con interese, e

investigación e o contacto cos maiores.	colaboración das familias.	colaboración das familias...		evolución lingüística ao longo do curso.
Comunicación coas familias e a Administración en galego e instaurar a figura dos Mestres e alumnos/as “EU EN GALEGO” como referentes da comunicación nesta lingua na escola.	Mestres e alumnos/as voluntarios que usen sempre a nosa lingua.	Humanos e unhas chapas identificativas e motivadoras	Ao longo de todo o curso.	Cualitativa e sumativa da participación e grao de interese por parte do alumnado e do profesorado.
Celebración das seguintes festas tradicionais: Magosto, Samaín, Día da Paz, Nadal, Día de Rosalía, Día do Libro, Entroido, Letras Galegas...	Colabórase cos distintos departamentos encargados, con titores e outro persoal participante, para a creación de actividades que fomenten o uso da lingua galega e o coñecemento da nosa tradición.	Todos os propios das distintas festas e conmemoracións.	Algún tempo antes de cada festaou celebración.	Cualitativa, segundo o grao de participación e o interese amosado
Realización de xogos tradicionais no Magosto (se a situación o permite) e nos Recreos Activos.	Practica de xogos populares nos Recreos Activos.	Humanos e materiais para os distintos xogos	Ao longo de todo o curso e durante a celebración do Magosto (se a situación o permite)	Cualitativa, segundo o grao de participación e o interese amosado
Participación nos concursos literarios convocados polas distintas institucións que nos acheguen a súa invitación.	Elaboración dos traballos por parte do noso alumnado coa colaboración dos Mestres titores.		Cando se convoquen os distintos concursos	Cuantitativa e cualitativa: número de traballos amosados con interese, e evolución lingüística ao longo do curso.
Lectura de libros en galego na aula nas horas		Recursos literarios da	Ao longo de todo o curso.	

de realización do proxecto de lectura sostida.		biblioteca escolar e das aulas.		
Recomendación de itinerarios lectores encamiñados a lograr una mellor competencia lingüística.	Elaboración de trípticos con recomendacións de lecturas en galego.		Antes das vacacións do Nadal	
Invitación a representantes da nosa literatura para vir a falar dos seus libros cos alumnos e alumnas.	Charlas, contacontos, concertos....	Humanos	Cando estes representantes teñan dispoñibilidade.	Cualitativa, valorando a charla, coloquio, concerto...
Narracións de contos polos familiares do alumnado dentro da actividade "Contos acarón da lareira", ampliando tamén para o recitado e/ou o canto de cantigas propias do noso folclore.	Continuidade coa actividade "Contos a carón da lareira", realizando estes de forma presencial, e dicir, as familias visitarán o colexio respectando as medidas hixiénicas e sanitarias.	Familias do alumnado de infantil e 1º e 2º de primaria	1º e 2º trimestre.	Cualitativa e cuantitativa, segundo o grao de participación e o interese amosado e a calidade dos traballos
Elaboración do xornal escolar, contos, poesías, entrevistas, trabalinguas, adiviñas, etc.	Confección e distribución do Xornal escolar.	Todo o profesorado.	Maio	Cualitativa, valorando a calidade do Xornal.
Booktubers	Gravacións por parte do alumnado dos Booktubers.	Humanos e tablets.	Ao longo de todo o curso	Cualitativa e cuantitativa, segundo o grao de participación e o interese amosado e a calidade dos traballos.
Realización do "III concurso contos de medo polo Samain"	Elaboración de forma escrita ou oral (gravacións) dos contos	Humanos e gravadoras.	Samaín	Cualitativa e cuantitativa, segundo o grao de participación e o interese

	de medo por parte do alumnado.			amosado e a calidade dos traballos
Actividades de radio.	Diferentes podcasts en galego para colgar nos blogues do EDLG e biblioteca e nas RRSS do cole.	Humanos, tablets, ordenador...	Ao longo de todo o ano	Cualitativa e cuantitativa, segundo o grao de participación e o interese amosado e a calidade dos traballos
Paxina web "Biblioteca e equipo do EDLG	Continuar coa páxina web que se elaborou o curso anterior onde se fusionaron os blogues da biblioteca e do EDLG colgando as actividades que se vaian facendo ao longo do ano e propoñendo xogos, actividades web e outros recursos informáticos en galego.	Coordinador EDLG e coordinadores das bibliotecas.	Ao longo de todo o ano	Cualitativa e cuantitativa, valorando o blogueo final do ano e cuantificando o seguimento por parte da comunidade educativa.
Saídas extraescolares "Coñecer a ILLA de SAN SIMÓN	Saída extraescolar.		3º trimestre	Cualitativa, valorando a saída.

5. Recursos

- Materiais

Humanos

Documentos oficiais.	O profesorado e o persoal non docente.
Material de lectoescritura.	As distintas actividades complementarias e extraescolares
Produccións artísticas e literarias do alumnado.	As familias do alumnado
A biblioteca. Literatura	Persoeiros invitados
Tics e cinema en galego.	

6. Temporalización

Case todas as actividades están previstas para levarse a cabo ao longo do curso escolar, agás as que teñan que ver coa celebración das festas tradicionais que serán na data

correspondente, así como outras que serán realizadas en momentos puntuais da programación.

7. Atención á Diversidade

Dadas as características do noso Centro no que hai moitos rapaces/as que proveñen doutros fpaíses tentaremos a adaptación progresiva do citado alumnado ao noso idioma, procurando que se expresen o máis posible en galego coa axuda dos titores e dos compañeiros e compañeiras.

8. Resultado da enquisa ás familias do alumnado de 3 anos.

Para este curso 2024-25, comezan 26 nenos/as de 4º de infantil. O resultado da enquisa feita ós pais do alumnado, continúa a ser similar a dos anos anteriores. De todos os nenos (12), só un deles pon ámbalas dúas linguas como lingua materna, o resto todos indican o castelán. Destacan un neno que ven de Albania e pon o albanés e outro que indica o castelán e o portugués. Das nenas (14), só dúas nenas indican as dúas linguas como materna e o resto poñen o castelán como única lingua. Ningunha das familias matriculadas este ano indicaron o galego como lingua materna.

E.- EQUIPO DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

A comunidade educativa do “CEIP Alborada” de A Coruña, desexa levar a cabo o seguinte proxecto coa finalidade de conseguir que a calidade do ensino que recibe o alumnado deste centro sexa cada vez maior.

O Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares, xustifica a importancia de ditas actividades partindo da premisa de que unha educación de calidade é aquela que permite unha maior participación da comunidade educativa na xestión, organización e realización das mesmas, desenvolvendo valores relacionados coa socialización, a participación e a cooperación encamiñadas á formación plena dos alumnos.

Esta programación consta de dous bloques:

- Bloque 1: Actividades complementarias (levaráanse a cabo fóra do centro)
- Bloque 2: Actividades de conmemoración (terán lugar no propio centro). A maioría destas actividades veñen marcadas polo calendario escolar marcado dende a Consellería, celebrando algunhas delas a nivel de aula, outras a nivel

de centro e a maiores proporanse a celebración dalgunha outra conmemoración que nos pareza importante para o alumnado.

- Bloque 3: Actividades propostas pola AMPA

Estas actividades son un factor determinante para a formación do noso alumnado, xa que enriquecen a súa educación da seguinte maneira:

- Satisfacendo as súas demandas de curiosidade, gustos persoais, cultura...
- Amplían a súa formación educativa e cultural.
- Axúdalles a formara súa personalidade.
- Favorecen convivencia e a motivación pola aprendizaxe.

Para levar a cabo esta programación, as normas esixidas pola lexislación vixente son:

- Aprobación do Consello Escolar.
- Colaboración con todo o profesorado do centro.
- Autorización das familias para as saídas do centro.
- Información aos profesores, pais e alumnos/as a programación das actividades a realizar.

Este Equipo realizará as xuntanzas previstas no plan do centro para poder programar e avaliar as celebracións do calendario propostas para o presente curso 2024/25

Os diferentes representantes farán chegar aos seus niveis os acordos acadados nas reunión da comisión a vez que trasladarán ao equipo nas súas reunión de ciclo, valorando todas e cada una delas para que sexa un reflexo do que toda a comunidade educativa pretende.

Participación doutros organismos e institucións do entorno. A maiores destacar que se celebrarán reunións para a coordinación cos equipos de biblioteca e o EDLG para a celebración dos diferentes eventos e conmemoracións.

2. Funcións da coordinadora

- Integrar os obxectivos das actividades no proxecto curricular.

- Promover e coordinar as actividades complementarias e extraescolares ao longo do curso.
- Estudar as actividades ofertadas polo Concello e decidir sobre aquelas que son de interese para o Centro en función das necesidades dos distintos grupos do colexio.
- Programar cada actividade tratando de que favorezan o desenvolvemento das competencias básicas.
- Vincular o ensino ca contorna inmediata por medio de visitas.
- Recuperar e conmemorar festas e tradicións.
- Coordinar cos equipos de ciclo, normalización lingüística e biblioteca. Este último, en relación co Plan Lector. Para esta coordinación levaranse a cabo reunións cos coordinadores dos mesmos.
- Implicar as familias nalgunhas actividades para mellorar a relación familia–escola, así coma a outros membros da comunidade educativa. Neste curso non se farán as visitas das familias a escola coma outros anos, para, por exemplo, a actividade de “Contos a carón da lareira”
- Conseguir a participación de todo o alumnado do centro tendo en conta a diversidade.
- Elaborar todo tipo de documentos que sirvan para facilitar o labor do departamento.
- Elaborar unha memoria de final de curso coa avaliación das actividades realizadas que será incluída na Memoria Final do Centro.
- Asegurar que as saídas e visitas se fan seguindo o protocolo establecido e cumpren todas as normas de sanidade.

3. **Obxectivos das Actividades**

- ✓ Fomentar hábitos, valores, e condutas que posibiliten unha forma creativa de vivir lecer e o tempo libre.
- ✓ Adquirir habilidades sociais de convivencia en grupo, aceptación de normas e urbanidade.

- ✓ Desenvolver a capacidade de participación nas actividades relacionadas co entorno natural, social e cultural que se leven a cabo por organismos distintos ao centro educativo.
- ✓ Promover no alumnado un sentimento de pertenza ao centro e ao grupo.
- ✓ Favorecer a integración da persoa no grupo, no centro, no entorno, etc.
- ✓ Fomentar o respecto e protección do medio ambiente (natural, rural e urbano).
- ✓ Favorecer o desenvolvemento persoal dos alumnos/as e o seu acceso ao patrimonio cultural, sen discriminación algunha, exercendo un efecto compensador das desigualdades sociais. Favorecendo a participación daquel grupo de alumnado que, por falta de medios económicos, problemas familiares ou carencias no seu entorno, non podería facelo sen o apoio do centro educativo.
- ✓ Propoñer actividades adaptándose ás peculiaridades e intereses individuais dos alumnos/as.
- ✓ Conseguir que estas actividades sexan un estímulo á actividades educativa evitando que o ensino non quede relegada ao ámbito da aula.
- ✓ Promover á participación dos alumnos/as despertando o seu interese en aspectos educativos e contribuíndo á mellora do seu rendemento académico; así como una mellor relación co profesorado.
- ✓ Espertar o sentido da responsabilidade nas actividades nas que o alumnado participe, promovendo un tipo de alumnado activo e crítico, capaz de impulsar a súa propia formación: "aprender observando e realizando".
- ✓ Potenciar a relación co entorno socio – cultural mais próximo ao alumnado co fin de mellorar a información e facilitar a súa integración.
- ✓ Procurar o equilibrio de orzamentos optimizando os recursos e axudando aos alumnos/as con dificultades económicas.
- ✓ Participar de forma activa na decoración do centro coas temáticas das conmemoracións celebradas.

Programación

Durante o curso celebraranse unha serie de conmemoracións, que a maioría veñen marcadas polo calendario escolar marcado dende a Consellería. Estas terán lugar no propio centro, celebrándose algunhas delas a nivel de aula, outras a nivel de centro.

O equipo de actividades extraescolares en colaboración cos diferentes equipos e proxectos do centro elaborarán material funxible para traballar na aula, ademais de organizar actividades para todo o alumnado e decorar os corredores e os espazos habilitados para as diferentes conmemoracións.

A maiores poderanse propoñer outras posibles celebracións segundo vaian xurdindo.

O plan de traballo para este curso por trimestres será o seguinte:

1r Trimestre

- Presentar o Plan de traballo a desenvolver ao longo do curso escolar.
- Inscripción e solicitude de participación nas actividades promovidos polo concello e que resulten de interese para os distintos niveis.
- Preparación do Samaín: decorar corredores, preparar premios concurso decoración portas, exposición de cabazas,...
- Actividade común para o 25 de novembro, día internacional contra a violencia de xénero
- Decoración dos corredores e dos espazos habilitados polo centro das conmemoracións realizadas.
- Colaboración nas actividades propostas polo proxecto VOZ NATURA.
- Participar e colaborar nas actividades propostas polos diferentes equipos de dinamización.
- Festa de inverno: decoración corredores, concurso de postais

2º Trimestre

- Determinar en que grao se vai cumprindo a Programación Xeral no referido ao Plan de Actividades.
- Preparación das propostas de celebracións das festas de Entroido, Día Mundial da Paz.
- Seguimento do traballo desenvolvido de VOZ NATURA.
- Participar e colaborar nas actividades propostas polos diferentes equipos de dinamización.

3r Trimestre

- Determinar o grao de cumprimento da programación xeral do centro referido ao Plan de Actividades.
- Preparación das propostas de celebración do Fin de curso.
- Valoración do Plan de Actividades e propostas a realizar cara o novo curso escolar.
- Elaboración da Memoria do Equipo.

- Rematar os traballos de VOZ NATURA.

O Plan Xeral de saídas educativas do centro, é dicir, o itinerario de saídas para a escolarización do alumnado quedaría establecido segundo o documento aprobado polo Claustro e Consello Escolar

	ACTIVIDADE	CURSO		TEMPORALIDADE
	Coñecer o entorno coas RUTAS E ITINERARIOS URBANOS DO CONCELLO	EI E EP		(depende do Concello)
	CORRELINGUA Cada ano participa un ciclo	O indica o coordinador		3º trimestre
ARTES ESCÉNICAS	Concerto	6ºEI/ 2º/ 4º 6º		Non depende do centro)
	Teatro	5ºEI 1º 3º 5º		
MUSEOS CIENTÍFICOS	Acuario	1º EP		2º trimestre
	Casa de la Ciencias	3º Ep		
	Domus-Maker	5º EP		
	Muncyt con taller	6ºEP		
MUSEOS ARTE	Belas Artes	1ºEP	5ºEI	1º TRIMESTRE
	Luis Seoane	2ºEP	6ºEI	
	Fundación Maria Jose Jove	4ºEP		
	EXP.TEMPORAL	6ºEP	3ºEP	
XORNAL	IDEAL ,DEPORTE.....	5ºEP		2º TRIMESTRE

EDUCACIÓN AMBIENTAL	Talleres medioambientais Concello(Parque de Eiris, Sta Margarida)	5°EI 1°EP	3°Trimestre
	Roteiros medioambientais CEIDA	3°EP	
	Limpeza praias	5°EP	
	Espazo protexido(Dexo)	6°EP	

PATRIMONIO CULTURAL E ENTORNO PRÓXIMO	MERCADO	BIBLIOTECA GARCÉS	CASTELO DE SAN ANTÓN
	1°EP	3ªEP	5°EP
	CASTRO ELVIÑA	TORRE HÉRCULES	PARLAMENTO
	2ªEP	4° EP	6°EP

	Act. culturais no centro	Obradoiros no centro	C.P.INCLÚE-T
1ºtrimestre Ed.INFANTIL	contacontos	Educación vial	Actividade Ponte os meus zapatos Dia da DISCAPACIDADE (3 DECEMBRO)
2º trimestre 1º E 2º EP	Contacontos	Talleres igualdade	Actividade Conta comigo
2º trimestre	(encontro co escritor-a) o curso pode variar en función das lecturas 3º/4º/2º	Talleres consumo	Actividade Dia 21 marzo Síndrome DOWN Dia 2 abril Autismo

2º trimestre	5º e 6º	Plan director	Día contra o BULLYING
E	(encontro científicas)	Ciberacoso	Charla-encontro deportivo con ENKI
3º trimestre		Drogodependencia	
		Afectivo-sexualidade	DIA DA DIVERSIDADE
		(ALUMNADO 6º)	(21MAIO)
			(alumnado 6º)

SAÍDAS FIN DE CURSO: (os lugares citados son orientativos e o equipo docente polo varialo consensuando coa ED)	
<ul style="list-style-type: none"> • fin é que as saídas sexan xornadas de convivencia • As saídas serán en horario de mañán nos cursos impares • As saídas de remate ciclo serán todo o día con comida 	
4º EI	SAÍDA DE MAÑÁN A UN ENTORNO CERCANO (MONTE SAN PEDRO,PARQUE EIRIS.....)
5ºEI	SAÍDA DE MAÑÁN A UN ENTORNO CERCANO (PARQUE DE CELAS, PASATEMPO.....)
6ºEI	SAÍDA TODO O DÍA A UNHA GRANXA OU SIMILAR
1ºEP	SAÍDA PARQUE STA CRISTINA, AREA RECREATIVA DO ENTORNO PRÓXIMO
2ºEP	SAÍDA MARCELLE,BELETTE,CASA DO QUEIXO..
3ºEP	SAÍDA CASTELO DE STA CRUZ CON MERENDA NA PRAIA OU SIMILAR
4ºEP	SAÍDA PARQUE AVENTURA SINXELO
5ºEP	SAÍDA A ROCÓDROMO CON MERENDA EN RIAZOR
6ºEP	SAÍDA PARQUE MULTIAVENTURA

B.-Roteiro de Fomento da Actividade Física : Un roteiro por trimestre por nivel(detallado no Plan de Actividade física e hábitos saudables)

C.- As actividades de HORTO ESCOLAR as organiza a persoa especializada neste traballo co profesorado participante de infantil e 1º ciclo e un curso voluntario de 3º ciclo para labores de titorización e compost

D.-Festival de Inverno no CENTRO CIVICO DOS MALLOSCOA asistencia de familias e unha actuación por curso

E.-Actuación Letras Galegas para o alumnado(organizado polo EDLG)

F.-Festival de FIN DE CURSO nun local de cesión municipal (Centro Cívico,Ágora..) (preparada por Especialistade música coa colaboración do titor-titora)

G.-Acto Fin de Etapa do alumnado de 6º EP no Salón de Actos ou Salón de xestión municipal un luns pola tarde

DISTRIBUCIÓN ESPAZOS E CONMEMORACIÓNS POR GRUPOS DE TRABALLO

1.- ADORNO MURAL DE ENTRADA

MES	EQUIPO	TEMÁTICA
SETEMBRO	ED	PDI
OUTUBRO	4ºEI	OUTONO/MAGOSTO
NOVEMBRO	5ºEI	CIENCIA-SAMAIN
DECEMBRO	6ºEI	INVERNO--CELEBRAMOS
XANEIRO	1ºEP	A PAZ
FEBREIRO	2ºEP	ENTROIDO
MARZO	3ºEP	MES DA MULLER/ PRIMAVERA
ABRIL	4ºEP	DIA DO LIBRO
MAIO	5ºEP	LETRAS GALEGAS

XUÑO	6ºEP	ECOSOSTIBILIDADE (DIA MUNDIAL DO MEDIO AMBIENTE)
------	------	---

2.-DECORADO PIZARRA EXTERIOR.....EACE

3.-DECORADO MURAL PEQUENO 1º PISO EDLG

4.- MURAL GRANDE 1º PISO.....EACE

5.- MURAI S DO 2º PISO.....E. DOCENTE 3º CICLO(CIENCIA E ARTE)

6.- CONMEMORACIÓN S

1º TRIMESTRE	
MAGOSTO E SAMAIN E HALLOWEEN	EDLG E EACE. E D.INGLÉS
Día da infancia (20 de Novembro)	Aula/nivel TITORIA
MES DA CIENCIA(novembro)	CLUB DE CIENCIAS
DIA 23 N	CP IGUALDADE CON 3º CICLO
Constitución e Estatuto de Autonomía de Galicia (do 30 ao 7 de decembro).	Aula/nivel
Día Internacional das persoas con diversidade funcional (3 de decembro)	Aula/nivel -CP INCLÚE-T
Día da declaración Universal dos Dereitos Humanos (10 de decembro).	Aula/nivel
FESTIVAL INVERNO	MÚSICA
2º TRIMESTRE	
DIA DA PAZ	CICLO DE E.INFANTIL + EACE
ENTROIDO	EACE
DIA DE ROSALIA	EDLG + 6º EP
DIA DA MULLER	CP IGUALDADE CON 2º CICLO

Semana da prensa (8 ao 12 de marzo).	Centro
Día Mundial dos Dereitos do Consumidor (15 de marzo).	Centro
Chegada da primavera.	Centro
Día do autismo (2 de abril)	Aula/nivel CP INCLÚE-T
Día mundial da saúde (7 de abril)	Aula/nivel
3º TRIMESTRE	
Día do libro (19 ao 25 de abril)	CENTRO
Día internacional contra o acoso escolar 2 MAIO	AULA/ CP INCLÚE-T
Día de Europa (9 de maio).	AULA
DIAS DE MEDIO AMBIENTE	COORDINADORA VOZ NATURA + ED

Avaliación

A avaliación será continua e de cada unha das actividades propostas, e levarase a cabo dentro das reunións do equipo de extraescolares.

Terase en conta:

- O grao de implicación e participación tanto do profesorado como do alumnado.
- Se actividade é de utilidade para acadar o obxectivo proposto
- Se é o suficientemente atractiva e motivadora.

Na memoria final reflectiranse todas as incidencias e valoracións de cara a continuidade ou non das mesmas en cursos sucesivos.

AS ACTIVIDADES SOLICITADES A DATA DE PECHE DESTA PXA E NON TODAS CON DATAS CONFIRMADAS SON

SAIDAS PROGRAMADAS INFANTIL		
4ºEI	5ºEI	6ºEI
<ul style="list-style-type: none"> - Parque Snta Margarita - Os parruliños coñecen a rúa - Excursión fin de Curso. 	<ul style="list-style-type: none"> - Museo de Belas Artes - Historias de MªPita. - Os parruliños coñecen a rúa. - Vexo, vexo - Obradoiro: xogos e historias para medrar en igualdade. - Teatro. - Excursión fin de Curso. 	<ul style="list-style-type: none"> - Bombeiros. - Fundación L. Seoane. - Un museo ao aire libre - Vexo, vexo - Obradoiro: xogos e historias para medrar en igualdade. - Concerto. - Excursión fin de Curso.

SAIDAS PROGRAMADAS 1º CICLO	
1º EP	2ºEP
<ul style="list-style-type: none"> - Alimentos, visita o teu Gadis. - Museo de Belas Artes. - Porto de A Coruña. - Habitantes dos xardins. - Vexo, vexo - Obradoiro: xogos e historias para medrar en igualdade. - Teatro. - Acuario. - Excursión fin de Curso. 	<ul style="list-style-type: none"> - Bombeiros. - Castro de Elviña: Percorrendo o castro. - Fundación Luis Seoane. - Tesouros de María Pita. - Residuos urbanos na Coruña - Concerto. - Excursión fin de Curso.

SAIDAS PROGRAMADAS 2º CICLO	
3º EP	4ºEP
<ul style="list-style-type: none"> - B.González Garcés. - A cidade de María Pita. - coñecer o centro integral de mobilidade. - A ruta da auga - Obradoiro: aprender igualdade creando I - Teatro. - Casa de las ciencias. - Excursión fin de Curso. 	<ul style="list-style-type: none"> - Torre de Hércules. - Mozo Picasso: de casa ao colexio - Rodando pola cidade de cristal. - O aire que nos rodea. - Concerto. - María José Jove. - Excursión fin de Curso.

SAIDAS PROGRAMADAS 3º CICLO	
5º EP	6ºEP
<ul style="list-style-type: none"> - El Ideal Gallego & DXT Campeón. - Castelo de San Antón. - A Coruña: praza forte de Galicia - Espías do tempo. - Cinema na Escola (5ºB) - A mellor estratexía do xogo. - Movemento sostible. - Obradoiro: aprender igualdade creando I. - Teatro. - Domus-Maker. - Ceida. - Plan director. - Excursión fin de Curso. 	<ul style="list-style-type: none"> - Prazas con poder. - Residuos urbanos na Coruña. - Concerto. - Muncyt con taller. - Exposición temporal. - Ceida. - Parlamento. - Plan director. - Excursión fin de Curso.

10.- PLAN DE ACTUACIÓN DA CCP

A Comisión fixa por regra xeral, as reunións para o 2º luns de cada mes, ás 16 horas.

Está previsto que esta comisión, tendo presente a lexislación vixente, faga unha revisión e actualización dos documentos de xeito que cumpran estritamente a normativa deste curso académico incluíndo o Proxecto Educativo, o Regulamento de Organización e Funcionamento, Plan de Orientación, Plan Xeral de atención a diversidade, Programacións didácticas,.... Centrándonos moi especialmente na actualización do Plan de convivencia en relación á normativa actual, o D. 8/2015 de convivencia e participación da comunidade educativa na convivencia escolar; así como comezar a

elaborar unhas plantillas para a avaliación por rúbricas para ofrecerlle un modelo ao profesorado.

1. Como obxectivos para o curso 24/25 priorízanse os que seguen:

- Mellorar a produtividade das reunións da comisión, priorizando aqueles temas relacionados coa problemática práctica do centro.
- Facer unha valoración da posta en práctica das Normas de Organización e Funcionamento de Centro e renova-las se fora o caso
- Facer seguimento e valoración do Proxecto Educativo.
- Realizar o Plan de convivencia en relación á normativa actual vixente.
- Continuar coas propostas de formación do profesorado no propio Centro, priorizando aqueles temas que máis interesan para o noso contexto, entre eles á atención a diversidade e as NEAE (metodoloxías e dinámicas de grupo, entre outros temas)
- Seguir mellorando a coordinación entre os diferentes niveis.
- Elaborar un modelo de avaliación por rúbricas para que o profesorado do centro contecunhas directrices comúns.
- Dar a coñecer o Plan Xeral de Atención á diversidade, mellorando o destexido a atención á diversidade de todo o alumnado do centro.
- Facer un seguimento e mellora dos apoios do profesorado con dispoñibilidade horaria, medida ordinaria de atención á diversidade segundo o D. 229/2011.

11.-PLAN DE ORIENTACIÓN

OBXECTIVOS

- Garantir que a orientación forme parte esencial da actividade educativa.
- Garantir a educación integral do/a alumno/a mediante a personalización do proceso educativo.
- Promover a adaptación dos procesos de ensino-aprendizaxe e a transición entre niveis educativos.
- Apoiar á función titorial no desenvolvemento dos obxectivos propostos nos procesos de ensino-aprendizaxe e da orientación educativa.
- Desenvolver de maneira directa, polo profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe, o proceso de ensino-aprendizaxe dos/as

alumnos/as que presentan necesidades específicas ou/e Adaptacións Curriculares Significativas.

NECESIDADES DETECTADAS E PRIORIZACIÓN DAS ACTUACIÓNS:

Feita a análise das necesidades existentes no presente curso, a partir da recollida de información inicial, podemos dicir que necesidades educativas de atención prioritaria refírense fundamentalmente a alumnado NEE

- Alumnado con Trastorno do espectro autista (TEA) ou do desenvolvemento
- Alumnado con síndrome de Down e/ou discapacidade intelectual
- Discapacidades /Déficits sensoriais.
- Trastornos graves de conduta.
- Situacións de deprivación sociocultural e/ ou contexto familiar desfavorable.
- Deficiencias lingüísticas presentes a distintos niveis: expresión oral, comprensión lectora, pobreza léxica.
- Trastorno de déficit de atención e hiperactividade (TDAH)
- Alumnado procedente do estranxeiro, sen escolarizar e/ou con moi diferentes niveis de competencia curricular e/ou descoñecemento dos idiomas vehiculares.
- Alumnado de altas capacidades intelectuais

Á actuación desde o departamento de orientación tanto a nivel de avaliación como de intervención priorizará as dificultades de integración e/ou académicas como criterio fundamental.

Tendo en conta estas necesidades podemos enmarcar as actuacións que levaremos a cabo dende o Departamento de Orientación, dentro dos seguintes ámbitos:

- a. Actuacións que teñan como obxecto a **Atención á Diversidade** presente no centro.

- b. Actuacións dirixidas a apoiar o **Proceso de ensino-aprendizaxe**: seguimentos individuais, prevención de dificultades na aprendizaxe e no desenvolvemento da personalidade, adaptación da resposta educativa a cada necesidade, etc.
- c. Actuacións que teñan como eixo o desenvolvemento do **Plan de Acción Titorial**.
- d. Actuacións en relación á **promoción da convivencia** e á resolución pacífica de conflitos.
- e. Actuacións que promovan unha maior **participación e implicación das familias** na educación dos seus fillos e fillas.
- f. Actuacións para acadar a **colaboración** con outros Departamentos de Orientación da zona, o Equipo de Orientación Específico provincial, e con diferentes organismos: Servizos Sociais, Servizos de Información á Xuventude, Servizos Sanitarios, policía local, etc.

FUNCIÓNS E OBXECTIVOS ESPECÍFICOS:

Por outra banda os **obxectivos que o Departamento de Orientación asume** pódense concretar fundamentalmente nos seguintes:

1. Continuar co equipamento do departamento de orientación con diferente material didáctico, bibliográfico e informático para o adecuado funcionamento do mesmo.
2. Contribuír á personalización da educación favorecendo o desenvolvemento de todos os aspectos da personalidade do/a alumno/a.
3. Colaborar no logro dunha boa integración do alumnado no centro educativo e no grupo de compañeiros/as, sobre todo nos momentos de transición e chegada ao centro, no paso dun ciclo a outro.
4. Previr as dificultades de aprendizaxe e contribuír a superalas cando se produzan, axustando a resposta educativa ás necesidades particulares do alumnado.
5. Realizar un seguimento personalizado do proceso de ensino-aprendizaxe dos alumnos/as facendo fincapé na adquisición de hábitos e actitudes positivas cara

- ao estudo, á comprensión oral e escrita e á capacidade para a resolución de problemas.
6. Coordinar as accións de orientación e titoría do centro e dos centros adscritos.
 7. Contribuír á axustada relación entre os distintos integrantes da comunidade educativa.
 8. Potenciar a colaboración con outros Departamentos de Orientación da zona educativa, co Equipo de Orientación Específico, cos servizos sociais do Concello e con calquera outra institución pública ou privada que poida contribuír a unha mellor formación do profesorado, pais e alumnos/as.
 9. Informar ao profesorado sobre a avaliación psicopedagóxica dos alumnos/as con N.E.A.E.
 10. Colaborar cos profesores, baixo a dirección do Xefe de Estudos, na prevención e detección temperá de problemas de aprendizaxe.
 11. Orientar ao profesorado tecnicamente en relación con actividades e procesos de avaliación formativa e orientadora, recuperación, reforzo e apoio psicopedagóxico.
 12. Apoiar, se fose necesario, e completar as intervencións dos titores/ as coas familias.
 13. Potenciar a orientación de todos os alumnos/ as incluíndo a todos aqueles que necesiten unha atención especial.
 14. Contribuír ao desenvolvemento da orientación educativa e psicopedagóxica e profesional.
 15. Axudar aos alumnos nos momentos de maior risco e dificultade: ingreso no Centro, cambio de Nivel.
 16. Orientar e implicar á familia na educación dos/as seus/súas fillos/as, ao igual que establecer as canles axeitadas de información e comunicación coas familias.

PLANIFICACIÓN XERAL:

Organización e funcionamento do departamento de orientación:

Para garantir que a orientación educativa teña un carácter procesual e que os membros do Departamento de Orientación leven a cabo as súas funcións dun xeito coordinado, terán lugar as seguintes xuntanzas:

- Os mestres especialistas en PT e AL reuniranse **unha vez á semana** co xefe do departamento para levar a cabo unha adecuada coordinación.
- Celebrarase **unha reunión mensual de todos os membros do departamento** para a coordinación e o **seguimento do Plan de Orientación e sempre que sexa necesario** para o seguimento do **Plan de Acción Titorial**.
- **Outras reunións** nas que participará o Departamento de Orientación son:
 1. Reunións coas Familias
 2. Reunións de Equipo Docente (CCP, Reunións de Coordinación dos Equipos Docentes)
 3. Reunións de Avaliación
 4. Claustros de Profesores
 5. Reunións con outras institucións que interveñan no desenvolvemento do alumnado con NEAE (Servizos Sociais, Servizos de Saúde, Asociacións,...).

Horario do xefe do departamento:

O horario do xefe do departamento axústase ao establecido para o resto de profesorado permanecendo no centro a tempo completo.

O horario de atención ás familias será: de luns a vernes de 9 a 10 previa cita.

Recursos

Os recursos empregados serán aqueles dos que dispón o centro e o propio departamento, tanto materiais como persoais e de espazo, podendo acudir a axentes externos cando así o requira a actuación demandada ou programada, procurando sempre un rendemento óptimo e o mellor aproveitamento dos recursos existentes.

Documentos básicos :

A. Plan Xeral de Atención á Diversidade (PXAD). Este documento de recente elaboración en base a Orde do 8 de setembro 2021 pola que se desenvolveu o decreto 229/2011 de 7 de decembro será revisado como documento vivo .

B. Plan de Acción Titorial (PAT) será renovado neste curso

A. Respecto ao **Plan Xeral de atención á Diversidade** diremos que, as liñas xerais do mesmo atenden á consecución dos seguintes obxectivos:

- Velar polo cumprimento dos principios de Igualdade, Inclusión e Normalización, mediante o traballo diario e o apoio tanto aos alumnos e alumnas como ao profesorado.
- Evitar fenómenos indesexables como os de abandono, fracaso e inadaptación escolar.
- Establecer criterios pedagóxicos que orienten na atención e na adopción de decisións respecto da heteroxeneidade de capacidades, intereses e motivacións do alumnado e do alumnado que presenta necesidades específicas de apoio educativo.
- Detectar problemas de aprendizaxe e poñer en marcha medidas de reforzo.
- Diseñar actuacións que posibiliten o acceso ao currículo á totalidade do alumnado, desde as exploracións psicopedagóxicas (grupais e individuais) ata os apoios, os reforzos educativos, etc...
- Cooperar cos titores na elaboración e desenvolvemento de adaptacións curriculares para aqueles alumnos/as que as necesitan.
- Organizar espazos e tempos que faciliten a atención á diversidade.
- Colaborar na adecuación de materiais de asesoramento e apoio ao profesorado.
- Avaliar conxuntamente co profesorado o desenvolvemento de programas e de medidas adoptadas ao longo do curso.

B.- Respecto ao **Plan de Acción Titorial** (documento marco no que se recolle a organización e funcionamento das titorías que se van realizar no centro) o equipo docente, coordinado pola titora ou titor, e asesorado polo Departamento de Orientación, selecciona as estratexias máis axeitadas para o desenvolvemento do mesmo.

Levarase a cabo ao longo de todo o proceso educativo, de xeito individual ou colectivo, sendo a función máis importante, tanto para a titora ou titor como para o/a orientador/a, a de poñer os medios para garantir que todo o alumnado, en función das súas necesidades, teña a oportunidade de “aprender a pensar”.

Avaliación e Seguimento do Plan de Orientación

O seguimento continuo do plan terá lugar nas diferentes sesións de coordinación que se celebren ao longo do curso, reflectidas nas correspondentes actas e que basicamente serán:

- Reunións dos membros do Departamento de Orientación.
- Reunións co equipo directivo, equipos docentes e titores/as.
- Entrevistas cos pais/nais e alumnos/as.
- Sesións de avaliación.
- Intercambios orais ou entrevistas cos destinatarios das intervencións.

Cos datos aportados polos implicados no deseño e desenvolvemento do Plan de Orientación (Departamento de Orientación, titores e mestres) e polos destinatarios das distintas actuacións (mestres/as, alumnos/as e pais/nais), elaborárase unha **Memoria** final do curso.

Esta memoria non se entende tanto como unha descrición das actuacións levadas a cabo, senón como unha síntese reflexiva sobre os logros acadados, as dificultades atopadas, e os aspectos que será necesario modificar para o curso vindeiro.

Como indicadores da **avaliación** utilizaremos os seguintes **criterios**:

A. Alumnado:

1. Desenvolvemento Psicosocial.

- Alumnado coñece a diversidade da súa aula en particular e do colexio en xeral.
- Os/as alumnos/as atópanse ben integrados no centro e tamén nas súas aulas.
- Alumnado é capaz de tomar decisións por si mesmo, cada un segundo o nivel de madurez persoal acadado.

2. Desenvolvemento Cognitivo.

- As situacións de abandono ou inadaptación escolar diminuíron debido a prevención de dificultades de aprendizaxe.

- Melloráronse os resultados do alumnado nas materias instrumentais do currículo debido a potenciación que se fixo das mesmas.
- Desenvolvéronse medidas de Reforzo e Adaptación curricular cando foron precisas.
- O proceso de avaliación foi coordinado e asesorouse o alumnado e mailo profesorado nos momentos de promoción

B. Equipo de Mestres e Mestras:

1. Coordinación Docente

- As sesións de avaliación fixaranse de xeito coordinado con todo o profesorado que traballeco alumnado.
- As sesións de coordinación entre a mestra de apoio e os titores/as, terá como obxectivo que as súas programacións se axusten moito mais ás especificidades do alumnado que atenden.

2. Acción Titorial

- A acción titorial farase de xeito coordinado, tendo en conta os seguinte aspectos:
 - Potenciación das materias instrumentais do currículo.
 - Valoralo esforzo pola aprendizaxe de xeito individual.
 - Clima de convivencia adecuado.
 - As programacións do alumnado con n.e.a.e. fanse de xeito coordinado con todos/as os/as profesionais que traballaban con ese alumnado.

C. As Familias -Orientación Familiar-:

- As relacións entre familia e centro deberán ser habituais e fluídas.
- Orientaranse aos pais e nais nas dúbidas que presenten
- Implicarase aos pais e nais nas tarefas de aprendizaxe, na valoración do esforzo que estes fan por aprender e na orientación das súas fillas/os.

D. Outras Institucións:

Colaboración

- Colaboraremos con outras institucións ben a petición nosa ou ben pola súa propia iniciativa.

12.-PLAN DAS TICS

Obxectivos:


- Renovar o Plan Dixital e asesorar ao profesorado para conseguir o cumprimento dos obxectivos co alumnado
- Seguir na procura da mellora das habilidades do alumnado co traballo de acompañamento dixital
- Mantemento e posta ao día do equipamento informático do centro.
- Formar e promover a participación do profesorado na Aula Virtual do centro.
- Orientar e apoiar ao profesorado no uso das TICS.
- Axudar e orientar ao profesorado no uso de ferramentas ou programas útiles nunha situación de traballo telemático.
- Axudar nas melloras do proxecto Edixgal no centro.
- Colaborar no proxecto de Polos Creativos e Radio

O equipo TICS informará dos obxectivos deste curso nos diferentes niveis, e recibirá as suxerencias que poidan xurdir neles.

13.-PLAN LECTOR- EQUIPO DINAMIZACIÓN BIBLIOTECA

Biblioteca do CEIP Plurilingüe Alborada

PLAN ANUAL DE LECTURA



INDICE

1. Introducción e xustificación normativa.

2. Liñas de actuación prioritarias da BE con relación ao centro e a comunidade educativa.
 - 2.1. Organización e xestión.
 - 2.2. Recursos da biblioteca.
 - 2.3. Formación de persoas usuarias: trípticos e presentacións sistemáticas.
 - 2.4. Fomento da lectura: programación de actividades e PDI 2024-25 “Conta con Julio Verne”.
 - 2.5. Biblioteca inclusiva.
 - 2.6. Outras actuacións.
 - 2.7. Avaliación.
 - 2.8. Recursos humanos.
3. Actividades programadas ao longo do curso.
4. Seccións, bibliotecas de aula e recunchos.
5. Hábitos de lectura e rutinas: hora de ler nos diferentes ciclos.
6. BE e competencias clave.
7. Recursos humanos na BE.
8. Itinerarios lectores.

1. Introducción e xustificación normativa.

Seguindo a lexislación vixente que recollemos baixo estas liñas e amparados nela desenvolvemos o Plan Anual de Lectura como parte do Plan de Biblioteca que concreta os aspectos xerais recollidos no Proxecto Lector ou Plan de Lectura deseñado o pasado curso. Este proxéctase para o período que vai dende o curso 2023-2024 ata o curso 2026-2027. e renovouse á par do Proxecto Educativo de Centro para recoller as mudanzas do equipo directivo e a consolidación da proposta do equipo de biblioteca. Neste inclúese tamén a incorporación a novos programas lanzados pola consellería en relación coa BE así como cambios no modelo de ensino-aprendizaxe, froito do espírito renovador do claustro do centro. Moitas destas renovacións proveñen das ideas recollidas nas Xornadas promovidas pola Asesoría de Bibliotecas así como dos diferentes Plans de Formación Permanente do Profesorado (PFPP) en diferentes eidos, tendo sempre como obxectivo a mellora do proceso de ensino e aprendizaxe e traballar na aprendizaxe permanente do profesorado.

As dotacións económicas do Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares (PLAMBE) permitiron ao longo destes cursos renovar os fondos, mobiliario e outros recursos materiais da nosa BE e das diferentes seccións para ofrecer ao alumnado e a toda a comunidade educativa un espazo para a lectura, a información e o xogo. Paso a paso pero de xeito firme a BE converteuse en epicentro do colexio para diversas actividades de dinamización da lectura en xeral e para unha mellora da aprendizaxe da produción oral e escrita a través do ámbito de letras-radio.

No curso que comeza esperamos ir un paso máis alá e facer o propio co blog da biblioteca e o entorno dixital, presente especialmente entre o alumnado de 2º ciclo a través de E-dixgal. Trataremos de converter este entorno virtual nun espazo seguro de información fiable e actividades en rede sen descoidar o que xa logramos en cursos pasados. O apoio do claustro e do resto da comunidade educativa amósase crucial para acadar os obxectivos propostos con relación ao fomento da lectura e a escritura así como no uso e disfrute dos recursos que a BE ten que ofrecer e que de seguro conseguirán incrementarse nos cursos por vir.

De feito, mentres elaboramos este plan, agardamos a migración a Koha, o que sen dúbida suporá outro novo desafío de xestión e organización de recursos tanto materiais como humanos.

Todo este traballo fundaméntase no aspecto legal a través do seguinte conxunto normativo:

- Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro.
- Decreto 150/2022, do 8 de setembro polo que se establece a ordenación e o currículo de educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 155/2022, do 15 de setembro polo que se establece a ordenación e o currículo de educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Resolución do 10 de xuño de 2024 da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa pola que se convoca o Plan de mellora de bibliotecas escolares en centros públicos non universitarios de titularidade da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional para o curso 2024/25.
- Resolución do 2 de setembro de 2024, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento da organización e o funcionamento das bibliotecas escolares nos centros docentes non universitarios, de titularidade da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional no curso académico 2024/25.

2.- Liñas de actuación prioritarias da BE con relación ao centro e a comunidade educativa.

A continuación incluímos as liñas de actuación tal e como foron redactadas para a solicitude do PLAMBE ao peche do curso 2023-24. Con todo, cabe mencionar certas mudanzas con relación á organización posto que as gardas da BE durante os recreos serán compartidas entre tres mestras do claustro pertencentes ao equipo de biblioteca.

Cabe destacar tamén o novo horario dos clubs de lectura que terán lugar durante os recreos e a hora de ler e que será reflectido na correspondente solicitude.

Outro cambio significativo garda relación coa unión dos grupos de dinamización de EDLG e o equipo de biblioteca que pasan a reunirse de forma conxunta, posto que xa

viñamos traballando en equipo e compartimos moitas actividades, ao igual que acontece coa Radio.

Finalmente, unha das mudanzas máis importantes é a previsión da migración a Koha que agardamos como unha oportunidade para facilitar a catalogación, os empréstitos e en xeral a operatividade e a xestión da biblioteca tanto de primaria como a BE de infantil.

2.1.- Organización e xestión.

Baixo estas liñas incluímos aspectos organizativos e de xestión da BE que teñen lugar cada curso e outros que se tratarán de mellorar neste seguindo a táboa de avaliación e seguimento.

- Actualizar a base de datos do MEIGA, en coordinación coa Secretaría do centro para elaborar o caderno de usuarios do curso 2024/25 situado no punto de Autoempréstito xestionado maiormente polo equipo de voluntarios da BE.
- Organizar e xestionar as coleccións dos diferentes espazos da BE e colaborar na organización e xestión das bibliotecas de aula.
- Colaborar coa Xefatura e co claustro na organización do uso e desfrute da BE coa creación de horarios para todas os grupos tanto na BE de primaria como de infantil.
- Formar aos novos axudantes de BE e repasar as tarefas cos que repiten no equipo de axudantes.
- Propoñer a creación dun certame de escritura creativa para o Samaín ou noutra data sinalada.
- Crear cartas de benvinda e presentación do PDI a través de Sito, a mascota da BE.
- Continuar coa actividade “Quen conta que?” de lecturas entre niveis na hora de ler de xeito periódico e os apadriñamentos lectores en datas sinaladas.
- Continuar cos “Contos e cantos ao redor da lareira”, actividade na que familias visitan as aulas para ler ao alumnado.
- Continuar cos procesos de catalogación e expurgo en Meiga para conseguir a mellora dos materiais, actualización dos recursos e baixa dos exemplares deteriorados polo uso.

- Mobilizar os fondos existentes, actualizar sinaturas e sinalización e ter a plataforma Meiga no mellor estado para un posible cambio a Koha.
- Renovación do equipo da biblioteca para o novo curso e reunións periódicas do equipo da biblioteca durante o curso escolar.
- Crear un novo blogue do PDI deste curso para un mellor seguimento das tarefas de BE en colaboración co equipo de axudantes.
- Seguir a traballar cos demais equipos de dinamización do centro para unificar a presenza en redes sociais.
- Consolidar a BE como un lugar de lectura pero tamén de traballo cooperativo, creación e lecer. Nesta liña sistematizar o uso de xogos entre niveis, favorecendo a súa capacidade de socialización e aprendizaxe.

2. 2. Recursos da biblioteca

- Crear e levar a cabo sesións de formación de usuarios para profesorado e alumnado. Co profesorado trataranse aspectos relativos ao PDI e o uso sistemático de Meiga nos préstamos ás seccións de aula e ás mochilas viaxeiras. Co alumnado traballarase no recoñecemento e acceso aos distintos recunchos así como tarefas básicas e xincanas sinxelas segundo o nivel para a busca de exemplares, consulta e actividades dinámicas que promovan o uso dos recursos da biblioteca.
- Involucrar ás familias no uso e desfrute da biblioteca así como promover o acceso aos fondos coa creación de carnés segundo demanda.
- Crear un espazo para visualizar os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible da Axenda 2030 e as plataformas de lectura dixital como E-LBE e similares.
- Seguir a promover o uso da BE para actividades de diferente índole, non só literaria.
- Colaborar cos equipos docentes na creación e desenvolvemento de Tarefas Integradas relacionadas coa Alfabetización Informacional (ALFIN).
- Difusión do xornal escolar en formato papel nun espazo visible da BE.
- Crear espazos de bibliografía específica para as tarefas dos diferentes ámbitos.
- Dinamizar e mobilizar bibliografía de xeito periódico en función das diferentes conmemoracións e seguindo as liñas xerais do PDI do curso: “O Ceip Alborada aventúrase e conta con Julio Verne”.

Este será o eixo ao redor do que xiren as actividades do centro, dos ámbitos e das diferentes conmemoración. Se este curso que rematou puxemos todo o corazón nas tarefas, o que ven será toda unha aventura atendendo ás emocións pero tamén ao espírito viaxeiro e científico. A través deste PDI trataremos de:

- desenvolver todas as competencias clave, prestando especial atención ás competencias de aprender a aprender, as competencias sociais e cívicas e ao espírito emprendedor con carácter transversal a todas elas.
- favorecer metodoloxías activas a través de actividades manipulativas, especialmente nos ámbitos.
- fomentar o uso dos recursos e espazos da BE por parte de toda a comunidade educativa.
- promover o traballo colexiado, sen distinción de unidades/titorías, no que todos/as nos sintamos membros da comunidade.
- dar unha maior presenza aos ODS da Axenda 2030.

2.3. Formación de persoas usuarias

Con relación á formación de persoas usuarias e a adquisición da competencia informacional:

- Revisar a formación de usuarios creada o curso pasado e tratar de crear unha versión en liña.
- Sistematizar o uso de enquisas de satisfacción de usuarios da BE para toda a comunidade educativa así como canalizar posibles propostas.
- Informar e incentivar o uso ético das publicacións en formato papel ou dixital, atendendo á autoría: citar, bibliografía e/ou hipervínculos.
- Fomentar a lectura en diversos soportes coa aplicación E-LBE ou Galicia Le entre outros, favorecendo a Alfabetización Mediática e Informacional.
- Formarse e traballar na creación de recursos ALFIN
- Traballar no Plan Lector Anual 2024/25 e nos títulos do Plan Lector Anual
- Colaborar na creación e nos resumos do PDI anual.

- Programar a distribución das mochilas viaxeiras e os seus cadernos onde os alumnos en función do nivel debuxan ou expresan a súa opinión crítica con relación ao contido da mochila.

2.4. Fomento da lectura

- Revisar e actualizar os itinerarios lectores de cada grupo atendendo ao gusto e preferencias lectoras.
- Implicar ao alumnado no funcionamento directo da Biblioteca mantendo os equipos de axudantes de BE de 5º e 6º de Primaria e como axudantes voluntarios de Radio Sito.
- Fomentar a lectura, dando continuidade ás exposicións por conmemoracións que incluírán exemplares de temáticas a tratar; así como as novidades adquiridas e catalogadas.
- Como xa mencionamos: incluír cando menos unha actividade de animación á escrita na proposta de actividades anuais dentro do marco do PDI.
- Renovar o uso da caixa de correo “Cóntalle a Sito” incentivando a escrita espontánea entre os máis novos en formato papel e en formato dixital entre os cursos superiores, fomentando a ilusión entre o alumando de partillar coa mascota da biblio.
- Elaborar recomendacións de lectura para o Samaín, Nadal, verán e outras que poidan xurdir.
- Organizar encontros, obradoiros con autores/as, ilustradores/as, etc.

2.5. Biblioteca inclusiva.

Afianzaremos unha BE inclusiva para todos, tratando de minimizar as desigualdades socioeconómicas de partida e poñendo os recursos e espazos da BE para o desenvolvemento do currículo e para toda a comunidade educativa mediante:

- Ámbitos e recunchos de aprendizaxe para todos.
- Animando á lectura e á escrita a todos os integrantes do centro.
- Facilitando o acceso á busca, selección, tratamento e comunicación da información para todos.
- Promovendo o acceso aos recursos dixitais: pantallas e mesa interactiva, portátiles, tablets... para todos.

- Traballando en aprendizaxes significativas, emocionantes e construtivas para todos.
- Explorar as posibilidades dos materiais de Lectura Fácil para todos así como o uso de pictogramas en diferentes comunicacións e edicións con pictogramas.
- Dinamizando e visibilizando textos inclusivos para o alumnado con NEAE e dando continuidade á adquisición de exemplares adaptados a alumnado TEA.
- Revisar e ampliar a sinalización con pictogramas

2.6. Outras actuacións.

- Revisar e sistematizar actividades como Quen conta que? e a Hora de Ler
- Colaborar na Voz do Alborada e nos seus formatos dixital e papel.
- Continuar co expurgo de exemplares deteriorados polo uso.
- Promover visitas e/ou actividades de colaboración con outras Bibliotecas próximas tanto escolares como municipais.
- Organizar exposicións, visitas ou obradoiros en relación coa temática do PDI.
- Colaborar sempre que se solicite co resto de equipos de dinamizacións do centro, titores e demais integrantes do claustro.
- Colaborar e elaborar materiais para seguir formando parte das convocatorias doutros Programas nos que participa o centro: Contratos Programa, Erasmus+, Observa-Acción.
- Asistir ás formacións da Asesoría de Bibliotecas.

2.7. Seguimento e avaliación

Con periodicidade mensual réunese o equipo de BE cos diferentes ciclos e dinamizacións a través da CCP para:

- avaliar as actividades desenvoltas, corrixindo deficiencias se é o caso.
- programar as seguintes.
- avaliar os recursos e espazos, detectando necesidades

Seguir a nosa rúbrica de avaliación para estar ao tanto das tarefas acadas, as pendentes daquelas en proceso.

Tamén mensualmente réunese a Xefatura de Estudos co conxunto dos equipos co fin de unificar suxestións e facer propostas para vindeiras actividades. No claustro estamos

e contamos todos, avalíanse as actividades desenvoltas detectando debilidades e fortalezas que se reflectan en melloras.

En xeral contamos cun gran número de actividades dada a riqueza de participación do claustro e a oferta do concello para actividades culturais da máis diversa índole.

Nos últimos cursos tratamos de incorporar as enquisas aos integrantes da comunidade educativa, familias, alumnado e profesorado como xeito de obter datos e retroalimentación para analizar e avaliar a nosa actividade.

O programa MEIGA tamén nos ofrece importante información estatística no tocante ao número de empréstitos, novos rexistros, etc.

Ademais desta avaliación directa co resto do equipo contamos cunha táboa de autoavaliación. Unha vez finalizado o curso, realizarase unha memoria, que se incluírá na memoria final de curso e se enviará á Asesoría.

Na devandita memoria recollerase o seguimento e avaliación efectuados sobre o plan, así como as propostas de mellora a incorporar para o seguinte curso escolar.

Dita avaliación será continua e comprenderá tres apartados principais.

1. Que avaliamos?

- Os obxectivos propostos e as liñas de acción prioritarias. .
- O grao de participación e implicación dos alumnos, profesores e o resto da comunidade educativa.

2. Como imos avaliar? .

- Preferentemente a través da observación directa da realización das actividades propostas en conxunto co resto do equipo.
- Empregando a táboa de autoavaliación na que se inclúen os diferentes obxectivos que se pretenden acadar tanto no tocante a xestión da biblioteca como formación de usuarios, colaboracións, etc.
- Crearemos unha enquisa para alumnado e familias na que avalíen as actividades realizadas e os servizos ofrecidos pola biblioteca.

3. Cando faremos esta avaliación?

- Avaliación Inicial: para determinar o estado da biblioteca e como tal moitas das conclusións atópanse expostas neste plan lector.

- Avaliación trimestral: Revisión das actividades expostas e realizadas, así como do movemento de exemplares e presenza de lectores na biblioteca. .
- Avaliación final: para determinar o grao de consecución das liñas prioritarias.

2.8. Recursos humanos

Persoa responsable e dinamizadora da biblioteca escolar: Marisol Gándara Sánchez con horario de 4 sesións e 1 recreo semanal.

Equipo:

1 mestre/a de cada ciclo que contará 2 sesións semanais, sempre que os recursos persoais do centro o permitan. Dentro deste dúas mestras colaboran nas gardas de recreo dous días á semana cada unha.

3.- Actividades programadas ao longo do curso.

Durante o primeiro trimestre comezaremos o curso cunha breve presentación e unha formación de usuarios para todos os niveis de primaria, repasando contidos básicos con relación ao empréstimo de libros, horarios de uso e disfrute da BE, acceso ao blog e a web do centro.

- Realizaremos tamén a creación dos grupo de axudantes de BE. Estes serán de axuda na difusión e acceso á plataforma E-LBE entre o alumnado máis novo do centro. Gustaríanos volver a formar parte do programa de bibliotecas solidarias e buscar vías de difundir a lectura entre a contorna a través dos nosos voluntarios bibliotecarios e lectores.
- Tamén nas primeiras semanas do curso crearemos as bases do concurso de contos do Samaín e a cartelaría correspondente.
- Trataremos de crear pequenas guías de usuarios e difusión da CDU coa colaboración dos axudantes de biblioteca así como pequenos vídeos para difundir as novidades a medida que se adquiran e se cataloguen.
- Ao longo do primeiro trimestre e durante todo o curso visualizaremos diferente bibliografía en función das conmemoracións e os distintos acontecementos en

colaboración con outros equipos de dinamización.

- Durante todo o curso teremos sesións de contacontos ben por parte das familias ou titores como por parte do alumnado. Tamén habitual nesta actividade é a colaboración de alumnado de prácticas en diferentes cursos que temporalmente forma parte da nosa comunidade educativa.
- Sería de gran interese retomar os xogos de pasapalabra de cursos anteriores cunha nova temática e amplialos á lingua inglesa, actividade que non puido ser desenvolvida o curso pasado por falta de tempo.
- Durante o curso trataremos de retomar a actividade de Bookflix, modificando e ampliando esta a outros eidos tales como os filmes ou os videoxogos. A creación dun modelo para este tipo de actividade escrita e oral a través da radio é tamén unha tarefa a desenvolver ao longo do primeiro trimestre.
- Creación de actividades e traballos documentais sobre o cancionero popular.
- Formar parte dos programas de biblioteca creativa e lectura e familias a través de actividades a realizar en colaboración cos titores de diferentes niveis.

4.- Seccións, bibliotecas de aula e recunchos.

Dentro das aulas cada titor conta cun número determinado de libros de diferente procedencia. En moitos casos son libros doados polo alumnado ou as súas familias. Con todo, consideremos que fornecer este espazo privilexiado da aula é unha actividade necesaria ao principio de cada curso escolar. Ha de ser o alumnado o que entre os moitos fondos da BE escolla aqueles que pasarán máis tempo con eles en función das necesidades curriculares e a competencia de cada grupo de alumnado.

A creación en Meiga de usuarios para cada aula é tamén parte das actividades sistemáticas da BE e do seu equipo que con fondos da BE enriquece os fondos da aula en réxime de empréstimo. Esta labor será levada a cabo no primeiro trimestre aínda que poden cambiarse a medida que o curso avance e as demandas do currículo do alumnado así o requiran.

Cada titor escolle o funcionamento da súa biblioteca de aula e o xeito de levar a cabo as actividades diarias de lectura dentro da hora de ler que será levada a cabo despois do recreo en horario de 12:00 a 12:20 de forma xeneralizada para todo o centro.

De xeito similar trataremos que os diferentes recunchos do centro funcionen en réxime de empréstito, creando un usuario para cada área e emprestando os libros que consideremos apropiados en función da temática de cada zona.

5.- Hábitos de lectura e rutinas: hora de ler nos diferentes ciclos.

A hora de ler forma parte da rutina diaria do centro no horario mencionado de 12:00 a 12:20 en todas as etapas de Infantil e Primaria.

- En educación infantil a lectura habitual recae nos titores, noutro alumnado do centro ou en pais/nais que acoden a compartir un libro coa aula. Ademais, cada alumno leva un libro á casa os venres para ler en familia.
- No 1º ciclo de Primaria compártase a lectura colectiva dos libros que forman parte dos itinerarios lectores coa lectura individual dos exemplares da biblioteca de aula e aqueles emprestados da BE
- No 2º ciclo de Primaria tamén se fai lectura individual e/ou colectiva todos os días acompañadas de actividades de prelectura e posterior comprensión; para iso, cada clase merca un título para compartir coas outras clases. Tamén traballarán a prensa escrita ao longo do mes de marzo.
- No 3º ciclo de Primaria hai algúns mestres que queren enfocar as lecturas a posteriores dramatizacións ou empregar estas para debates filosóficos en Radio Sito. Tamén é habitual curso tras curso que cada alumno merque un libro para facer lecturas colectivas.

As mochilas viaxeiras funcionan dende infantil a primaria de xeito que cada alumno que queira pode levar unha mochila á casa con libros para compartir coa familia ao longo dunha semana. Como xa mencionamos anteriormente tamén se inclúe un caderno para recoller as impresións ao respecto do contido da mesma. Este caderno da mochila formará parte dunha exposición ao final do ano académico. Este curso trataremos de incluír tamén algunha lectura para adultos tales como revistas

divulgativas ou novelas que poidan resultar interesantes para os pais/nais, facendo fincapé na idea de que se nos lemos, eles len.

O conxunto do alumnado, dende educación infantil ata 6º EP recibirán algunha sesión de formación de usuarios por parte dos propios titores ou dos membros do equipo da biblioteca na propia biblioteca, se os titores o consideran axeitado e o calendario de actividades o permite. Esta pode tomar a forma de xincana ou un breve cuestionario con preguntas de comprensión do explicado.

Levaranse a cabo apadriñamentos lectores, cando menos no mes de abril e se o tempo o permite será no patio de xeito que os alumnos dun curso superior poidan compartir tempo de lectura cos nenos de cursos inferiores.

6.- BE e competencias clave

Tanto as actividades desenvolvidas por iniciativa do equipo de BE como aquelas nas que este colabora tratarán de contemplar o equilibrio no traballo das competencias clave aínda que a competencia lingüística poida parecer unha prioridade. De feito outras cruciais no contexto deste plan son a conciencia e expresións culturais, a cidadá, a competencia persoal, social e de aprender a aprender, a competencia emprendedora xunto coa dixital e a plurilingüe, así como a matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría. Dun xeito ou doutro estas oito competencias atopan na BE a atmosfera perfecta para xermolar e ser postas en práctica.

- A competencia Lingüística é primordial na programación da biblioteca a través do fomento da lectura como actividade de lecer ou como actividade de procura de información e consulta. Esta lévase á práctica na propia BE, nas aulas a través da hora de ler, nos fogares mediante o sistema de empréstito ou das mochilas viaxeiras e sempre terá un lugar de relevancia no centro e en calquera plan de biblioteca ou de lectura. As actividades de dinamización e animación á lectura: exposicións de fondos, visitas de autores, lecturas dramatizadas, presentacións do alumnado, críticas literarias, contacontos, obras de monicreques ou de teatro son e serán ferramentas fundamentais para traballar esta competencia. O fomento da lectura en distintos soportes, impresos ou dixitais, escritos e incluso sonoros será fundamental de cara á adquisición

dunha alfabetización múltiple pero tamén dunha capacidade expresiva multimodal.

- A competencia persoal, social e de aprender a aprender e quizais outra das competencias vertebradas da nova BE. Nestes últimos anos a BE estase a converter nun centro de recursos no que os usuarios poden acceder a toda a información que precisan para calquera dos seus traballos e proxectos escolares en coordinación cos departamentos e ciclos. Polo tanto faise fundamental prestar atención ás formacións de usuarios, non só con relación á CDU e ao espazo físico da biblioteca senón con relación ao entorno dixital e as diferentes webs, blogs, aplicacións e incluso imaxes, vídeos, arquivos sonoros e un longo etc. Nesta liña seguiremos a traballar no curso escolar que comeza. O recanto creador e Radio Sito forman parte desta idea de traballar na competencia persoal e por suposto na social así como na capacidade de aprender a aprender.
- Competencia cidadá: o plan anual de lectura da BE no presente curso escolar contribuirá ao traballo desta competencia a través do fomento dos traballos en equipo e de xeito colaborativos, especialmente nas horas designadas ao ámbito de letras-radio. Tamén na realización de calquera das actividades de animación á lectura nas que participen alumnos e profesorado, a través do fomento do uso de material relacionado cos dereitos da cidadanía e a igualdade, a través das propias normas de funcionamento da biblioteca nas que a tolerancia e o respecto polas diferencias serán fundamentais. Xunto con isto tamén se potencia a democratización do uso e desfrute dos recursos, así como a igualdade de oportunidades para o alumnado con NEE, promovendo a presenza de pais e nais en obradoiros, contacontos ou clubs de lectura, entre outros. O xogo, coas súas normas e regras é ferramenta fundamental para o traballo nesta competencia e a BE é tamén o espazo para ese xogo.
- Competencia emprendedora: posto que neste caso estamos a falar de toma de decisións baseadas na información e o coñecemento a BE e os seus recursos é fundamental. De igual modo as actividades académicas e lúdicas que teñen lugar na mesma ensinan ao alumnado a colaborar de maneira áxil con outras persoas á vez que se traballa a motivación, a empatía e as habilidades de comunicación e negociación. O traballo coa CDU, a procura de recursos e o

xuízo sobre a pertinencia dos mesmos na elaboración de traballos colabora fomenta a autonomía e a formación dun espírito crítico.

- Competencia en conciencia e expresións culturais: tanto os contidos e recursos presentes na BE como as actividades plásticas e artísticas ou a decoración de diferentes partes do centro contribúen ao desenvolvemento desta competencia. A proposta de crear concursos literarios ou os proxectos sobre diferentes autores son tamén outro xeito de traballar esta competencia.
- Competencia Dixital: o sistema de xestión da BE, o blog da biblioteca e Radio Sito son algunhas das actividades que implican o desenvolvemento da competencia dixital. A inclusión do centro dentro do programa E-Dixgal en 5º e 6º así como o traballo no ámbito STEM son outros dos piares para traballar a competencia dixital e de acceso a información. A estas súmaselle diferentes actividades que os titores levan a cabo nas aulas agora que xa todas contan con pantallas dixitais.
- Finalmente a competencia Matemática: está presente en variedade de exemplares que afondan en contidos matemáticos así como nos libros e documentos cos que se nutren os ámbitos de matemáticas nos diferentes niveis.

7- Recursos humanos na BE.

A xestión da BE e das tarefas que esta implica vese en moitas ocasións minorada ou dificultada por unha simple cuestión de falta de tempo. En moitos casos é difícil ou moi difícil atopar persoal no claustro ou dentro do equipo que dispoña de horas dentro da xornada de traballo. Isto implica que en ocasións estas tarefas recaian en xente que remata facendo as mesmas fora do horario laboral. No caso do noso centro o equipo directivo e o seu apoio á BE fai que contemos co seguinte equipo.

D^a Marisol Gándara Sánchez (coordinadora de biblioteca Primaria) 4 horas de horario lectivo de dedicación á BE + 1 garda de recreo.

D^a Mónica María Escariz da Fonte (titora de 6º A Infantil) 2 gardas de recreo.

D^a Amelia Rabuñal Rodero (titora de 2º B) 2 gardas de recreo.

D^a Iria López Veiguela (titora de 4 ºB)

D^a Montserrat Barros Grela (PT)

D^a Paula Rey Hernández (Apoio Infantil)

D^a Cristina Tenreiro Martínez (titora de 1^ºA)

Neste apartado cabe facer mención unha vez máis aos axudantes da BE posto que gracias á súa colaboración resulta máis doado o seguimento dos empréstitos, a colocación das devolucións e o acompañamento aos estudantes durante os recreos do curso.

8.- Itinerarios lectores

En infantil cada titor elabora un listado de libros para que cada alumno merque un dos mesmos para iniciar a creación da súa biblioteca persoal.

Este proceso de elaboración dunha biblioteca propia continúa nos seguintes cursos de primaria. Nestes caso cada clase dun nivel, contamos con dúas liñas en case todos os cursos, cada alumno da clase merca un libro que despois será intercambiado coa outra clase para poder facer lecturas colectivas e lecturas comprensivas ao longo do curso. Este curso, ademais de títulos que repiten como parte do itinerario lector dado o seu éxito entre o alumnado contamos con lecturas adaptadas de Julio Verne dado que é este autor sobre o que versa o noso PDI deste ano.

9.- As TICS dentro do plan anual de lectura.

O equipo de TICS, en estreita colaboración co resto de equipos de dinamización, e nesta caso co equipo de BE contribúe ao correcto funcionamento dos equipos informáticos da BE. Igualmente traballan no mantemento do resto de dispositivos que posibilitan levar a cabo moitas das actividades propostas pola BE.

Igualmente facilitan o desenvolvemento de pequenos proxectos de investigación documental e informativa nas aulas así como a posta ao día dos ordenadores de E-Dixgal que favorecen acompañamentos dixitais aos alumnos máis novos e outras actividades curriculares.

Neste apartado a páxina web do centro e o blog da biblioteca son tamén vías fundamentais de comunicación co alumnado e co resto da comunidade educativa.

A Aula de informática entra tamén dentro deste apartado posto que especialmente en educación infantil, é un espazo de traballo no eido das tecnoloxías.

Uso do Meiga para a xestión informática dos fondos no que colaboran os mestres do equipo da biblioteca e os axudantes.

Uso da plataforma E-LBE 2 para lectura individual e colectiva en todos os cursos que o desexen.

ANEXO I: Ficha de valoración das actividades da BE.

VALORACIÓN DO ALUMNADO

Indica o teu curso	
Indica o tipo de actividade (presentación, contacontos, obradoiro, teatro...)	
Sinala o nome do convidado (escritor, grupo teatral, orador..) e/ou título (do libro, da presentación ...)	

VALORA ESTA ACTIVIDADE: Rodea a opción que consideres máis axeitada.

Que che pareceu a actividade?	moi interesante	pouco interesante	aburrida	divertida	fácil de entender	difícil de entender
Aprendín	moitas cousas		bastante ou algo		pouco ou nada	
Gustaríache asistir a máis actividades así?	si	non	tal vez		dame igual	

ESCRIBE UN POUCO ...

Que foi o que máis che gustou?	
Que podería ser mellor?	
Algo que engadir?	

O PROFESORADO AVALÍA AS ACTIVIDADES DA BIBLIOTECA

Indica en que biblioteca tivo lugar a actividade	
Indica o curso do teu alumnado	
Indica o tipo de actividade (presentación, contacontos, obradoiro, teatro...)	
Escribe o nome do convidado (escritor, grupo teatral, orador..) e/ou título (do libro, da presentación ...)	

VALORA ESTA ACTIVIDADE: Rodea a opción que consideres máis axeitada.

Como atopaches ao teu alumnado durante a actividade?					
aburrido	atento	sen interese	entretido	perdido	participativo

Valora a duración da actividade.			
demasiado longa	axeitada	curta, non deu tempo a rematar.	
Crees que se debería repetir unha actividade similar?	si	non	tal vez

ESCRIBE UN POUCO ...

Que foi o que máis che gustou?	
Que podería ser mellor?	
Algo que engadir?	

14.-PERSONAL NON DOCENTE

O persoal non docente destinado na Secretaría do Centro:

A. Auxiliar Administrativa

Funcións:

- Elaborar modelos de comunicacións as familias.
- Tramitación de baixas/altas do persoal do Centro.
- Programa solicitudes das axudas para adquisición de libros de texto, paraofondo de libros e axudas para material escolar.
- Transporte escolar.
- Matrícula.
- Rexistro de entrada e saída de documentos.
- Informatización de tódolos datos referentes aos alumnos/as e profesores/as.
- Traslados de expedientes.
- Complimentación de impresos, estadillos, etc., remitidos pola Xefatura Territorial e Consellería.

- Arquivo.
- Pasar no ordenador diversos documentos (Memoria, Programación Xeral Anual, oficios, listados, certificados, etc...) que se elaboran no colexio.

B. Conserxe

Funcións:

- Presentarse no Centro cunha antelación de 30 minutos á hora da entrada do alumnado.
- Custodiar o edificio, mobiliario e máquinas.
- Facer pequenas reparacións.
- Coordinar as operacións do persoal de limpeza.
- Custodiar as chaves dos despachos.
- Distribuír os documentos.
- Manexar as máquinas fotocopiadoras e multicopista.
- Realizar encargos relacionados co servizo encomendados pola Dirección.

C. Persoal de Limpeza

Funcións:

- Fregado diario
- Limpeza do mobiliario
- Vaciado de papeleiras
- Trimestralmente limpeza xeral e extraordinaria de tódalas dependencias.
- Semanalmente limpeza dos espazos deportivos abertos e patios.
- Presencia diaria durante 5 horas na xornada lectiva dun operario/a

D. Coidadora

Funcións:

- Atención en limpeza e aseo.
- Colaboración co profesorado na vixilancia do periodo de lecer, entradas saídas e excursións.
- Axudar ao alumnado dentro da aula para facilitarlle o acceso ás actividades que presentan especial dificultade.
- Guiar ou axudar ao alumnado a desprazarse e participar activamente en actividades dentro e fora do Centro.
- Atender ao alumnado de NEAE no comedor
- E outras funcións que indique a dirección do Centro.

15.-PLAN PARA A POTENCIACIÓN E ORGANIZACIÓN DAS RELACIÓNS COA COMUNIDADE E AS FAMILIAS

O Centro manterá unha relación aberta e transparente con todo o seu entorno

De cara ao vindeiro curso seguiremos a potenciar o seguinte:

- Impulsar a colaboración nalgúns eventos do centro.
- Impulsar a participación na reunión xeral no principio do 1º trimestre comunicando con antelación suficiente e realizándoa nun horario axeitado
- Recibir aos pais todos os luns de 17 a 18 h. do serán para entrevistas individuais, sendo solicitadas coa antelación suficiente por ambas partes
- Informarlles por escrito do rendemento global e actitude do seu fillo, unha vez ao trimestre, ou en reunións individuais.
- Colaborar co Concello cara á realización de xornadas informativas sobre temas relacionados con intereses formativos das familias nos centros escolares, e de xeito especial con servizos sociais facendo un seguimento aos nenos/as que participen nas actividades de tarde do centro cívico.
- Informarlles a través do seu representante dos acordos tomados no Consello Escolar do Centro.
- Reunirse a Comisión de Convivencia (con representación ANPA) para mellorar a convivencia no Centro.
- Entregar un tríptico de benvida ás familias que se matriculen por primeira vez.
- Informar ao inicio de curso de titorías, teléfonos e organización da AMPA a todas as familias.
- Realizar unha Xornada de Portas Abertas para o alumnado de nova incorporación.
- Achegar os avós e outros familiares ao Centro a través de “Contos a carón da lareira”
- Servir de canle co IES de Elviña para achegar o profesorado ás familias nas xornadas de portas abertas.
- Crear un bo clima no Consello Escolar como ponte de información para as familias.
- Manter sempre informadas as familias en eventos tan importantes como:
 - Avaliación final de Sexto curso de E. Primaria

- Axudas para a adquisición de libros de texto, materiais curriculares e material didáctico e complementario.
- Merendas saudables no período de lecer.
- Temporais que xurdan.

15.-PLAN DE UTILIZACIÓN INSTALACIÓNS DO CENTRO

En horario de 16 a 18 horas, de luns a venres, utilizaranse as instalacións e locais do centro, e os luns e mércores a Polideportiva adxunta ao centro, dependente da Secretaría Xeral para o Deporte, para a realización das seguintes actividades que figuran nun anexo.

Ao concello correspóndelle a conservación, mantemento e vixancia dos edificios e demais instalacións escolares; e a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a súa mellora.

No tocante á utilización das instalacións do centro por parte de entidades ou persoas alleas á comunidade escolar do centro, tense en conta a Orde do 22 de xullo do 97, pola que se aproba o Regulamento das escolas de Educación Infantil e dos colexios de Educación Primaria, réxime de funcionamento do centro escolar, apartado 9 (uso das instalacións escolares). En todo caso, tamén no capítulo 9 desa mesma Orde, actividades complementarias eextraescolares, apartados 2 e 3, veñenreflectidas as normas e mailo uso que este centro ten en conta á hora de planificar a utilización das mesmas.

17.-PLAN XERAL DE AVALIACIÓN DO CENTRO

Entendemos a avaliación como un proceso de recollida de información encamiñada a toma de decisións para a mellora do proceso de ensino-aprendizaxe.

Ademais consideramos a avaliación como un proceso de reflexión de cómo ensina o profesorado e como aprende o alumnado. Polo tanto afecta tanto ó profesorado como ó alumnado.

A avaliación forma parte do proceso educativo, sendo un dos elementos esenciais do mesmo, cunha función formativa, orientadora, reguladora e correctora das accións educativas, tanto nas de planificación como nas de execución.

Así desde o novo concepto de avaliación definida como proceso formativo, estaponse ao servizo do proceso de ensino/aprendizaxe e dos seus elementos: obxectivos, contidos, competencias claves, estándares de aprendizaxe, obxectivos mínimos, actividades, metodoloxía e recursos.

Os organismos encargados de facer o seguimento da avaliación do proxecto educativo do Centro son a Comisión de Coordinación Pedagóxica e o Consello Escolar. A Comisión de Coordinación Pedagóxica realizará un seguimento e á vista dos resultados da avaliación, propondrá as modificacións oportunas ao noso Proxecto Educativo.

Obxectivos Xerais do Plan Xeral de Avaliación

- Proporcionar ao Centro e a comunidade educativa ferramentas que permitan profundizar o coñecemento e a reflexión sobre a propia acción.
- Poñer a disposición da administración educativa unha información suficiente, obxectiva e relevante sobre os procesos e resultados relacionados coa acción educativa, para poder introducir os reajustes necesarios de cara a mellorar a calidade do proceso de ensino-aprendizaxe.

ÁMBITOS A AVALIAR	OBXECTIVOS ESPECÍFICOS
PROCESO DE ENSINO APRENDIZAXE	<ul style="list-style-type: none"> - Coñecer o nivel de adecuación das infraestructuras, a suficiencia e a funcionalidade do equipamento e a súa incidencia no proceso de ensino-aprendizaxe. - Coñecer e valorar a dotación de recursos e analizar a súa relevancia no proceso de E/A. - Coñecer ao alumnado e a diversidade das necesidades educativas. - Valorar horarios, espazos e organización de recursos - Coñecer e valorar a contextualización dos obxectivos á realidade do contorno e do alumnado, a funcionalidade das programacións, a coherencia do proxecto educativo, o grao de educación en valores, o uso da metodoloxía e a coherencia dos criterios de avaliación. - Coñecer e valorar o plan de atención á diversidade e o plan de acción tutorial, desde a funcionalidade e suficiencia. - Coñecer e valorar o nivel de suficiencia que acada o alumnado nos obxectivos e competencias básicas, analizando as causas e consecuencias, para plantear alternativas de mellora
A ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO	<ul style="list-style-type: none"> - Coñecer os documentos de xestión do Centro (PE, PXA, MEMORIA ANUAL, PROGRAMACIÓNS CURRICULARES entre outros para valorar a súa coherencia e funcionalidade. - Coñecer a eficacia da xestión económica e as respostas ás necesidades existentes - Coñecer e valorar a situación de convivencia existente no Centro e a funcionalidade do NOF
AS RELACIÓNS CO CONTORNO	<ul style="list-style-type: none"> - Valorar as posibilidades educativas do contorno e o aproveitamento que fai o Centro das mesmas - Valorar o nivel de relación e colaboración establecida coa ANPA e con outras institucións - Valorar o plan de actividades extraescolares e complementarias, en canto ao nivel de suficiencia, participación, satisfacción e coherencia coas intencións educativas
FORMACIÓN E INNOVACIÓN	<ul style="list-style-type: none"> - Describir e valorar o propio plan de avaliación e os plans de formación e innovación do Centro

INDICADORES E CRITERIOS DE AVALIACIÓN

ÁMBITO	DIMENSIÓN A. AVALIAR	INDICADORES	CRITERIOS	RESPONSABLES	TEMPORALIZACIÓN
PROCESO DE E/A	1. Recursos materiais e humanos	<ul style="list-style-type: none"> - Características do profesorado - Características do alumnado - Organización de grupos. - Distribución de tempos e espazos 	<ul style="list-style-type: none"> - Adecuación - Funcionalidade - Suficiencia - Coherencia - Relevancia 	CCP Claustro Consello Escolar Equipos de ciclo e nivel	<ul style="list-style-type: none"> - Anual - Trimestral
	2. Desenvolvemento do currículo	<ul style="list-style-type: none"> - Programacións didácticas - Plan de atención á diversidade - Plan de acción tutorial e Plan de orientación 	<ul style="list-style-type: none"> - Adecuación - Funcionalidade - Suficiencia - Coherencia - Relevancia 	<ul style="list-style-type: none"> - Equipos de ciclo e nivel - Departamento de Orientación. 	<ul style="list-style-type: none"> - Trimestral
	3. Resultados escolares do alumnado	<ul style="list-style-type: none"> - Resultados escolares do alumnado por áreas de cada grupo e nivel 	<ul style="list-style-type: none"> - Adecuación - Suficiencia 	<ul style="list-style-type: none"> - Equipos de ciclo e nivel - Profesorado de aula 	<ul style="list-style-type: none"> - Trimestral - Continua
A ORGANIZACIÓN E O FUNCIONAMENTO	4. Documentos de xestión curricular	<u>Documentos:</u> PE,PXA, Memoria Anual e Programacións de aula <ul style="list-style-type: none"> - Órganos de Goberno, participación, control e xestión e órganos didácticos. 	<ul style="list-style-type: none"> - Adecuación - Funcionalidade - Coherencia 	CCP <ul style="list-style-type: none"> - Claustro - Consello Escolar - Equipos de ciclo e nivel - Equipo Directivo 	<ul style="list-style-type: none"> - Anual - Trimestral
	5. Funcionamento do Centro	<ul style="list-style-type: none"> - Xestión económica comedor - Asesoramento e colaboración. - Convivencia - Colaboración - Problemática - Respostas - Regulamentación 	<ul style="list-style-type: none"> - Adecuación - Funcionalidade - Coherencia - Suficiencia - Satisfacción - Relevancia - Adecuación - Coherencia - Suficiencia - satisfacción 	<ul style="list-style-type: none"> - CCP - Consello escolar 	<ul style="list-style-type: none"> - Cando proceda - Anual
	6. Convivencia e colaboración			<ul style="list-style-type: none"> - CCP - Consello Escolar - Departamento - Orientación 	<ul style="list-style-type: none"> - Trimestral - Cando proceda - Continua

				- Comisión convivencia	
RELACIONES CO CONTORNO	7. Características do contorno	- Ubicación do Centro - Institucións - Actividades educativas - Recursos	- Relevancia - Suficiencia	- CCP - Consello Escolar - Equipo directivo - Departamento Orientación	- Anual - Cando proceda
	8. Relacións con outras institucións	- ANPA - Outros Centros docentes - Outras asociacións - Outras Institucións: bibliotecas públicas...	- Coherencia - Funcionalidade - Relevancia - Suficiencia - Satisfacción	- CCP - Consello Escolar - Equipo directivo - Departamento Orientación	- Anual - Cando proceda
	9. Actividades extraescolares e complementarias	- Oferta - Implicación - Desenvolvemento do alumnado e profesorado	- Adecuación - Coherencia - Relevancia - Suficiencia - Satisfacción	- CCP - Consello Escolar - Claustro - Equipo directivo - Comisión de actividades extraescolares e complementarias	- Anual - Trimestral
OS PROCESOS DE AVALIACIÓN FORMACIÓN E INNOVACIÓN	10. Avaliación 11. Formación 12. Innovación 13. investigación	- Planificación - Desenvolvemento - Cumprimento de obxectivos	- Adecuación - Coherencia - Suficiencia - Satisfacción - Relevancia	- CCP - Consello Escolar - Claustro - Equipos de nivel - Departamento de Orientación	- Anual - Trimestral - Cando proceda

TEMPORALIZACIÓN PARA O CURSO 2024-25**PRIMEIRO TRIMESTRE**

QUE	QUEN	COMO	RECURSOS
- Informar a comunidade educativa	- Equipa Directiva	- Reunión CCP - Claustro - Consello Escolar	- Actas
- Selección dos ámbitos e dimensións a avaliar	- Equipa directiva - CCP - Claustro	- Reunións dos tres órganos	- Modelos propostos pola administración educativa
- Elaboración de ferramentas de avaliación	- Equipa Directiva - CCP - Equipos de ciclo e nivel	- A Equipa directiva elabora: protocolos, enquisas, cuestionarios, guías de observación... - A CCP estudia estas propostas - Aprobación os ciclos	- Modelos de cuestionarios, propostos pola administración educativa - Cuestionarios adaptados e modificados polo Centro

SEGUNDO TRIMESTRE

QUE	QUEN	COMO	RECURSOS
- Avaliación das dimensións seleccionadas	- Equipa Directiva - CCP - Departamento de Orientación - Equipos de ciclo e nivel - Claustro - Consello Escolar	- Reunións dos órganos implicados - Resposta ós cuestionarios - Análise/valoración - Propostas de mellora	- Cuestionarios de cada dimensión cos indicadores máis relevantes - Asesoramento do Departamento de Orientación - Inspección e CFR se é o caso

TERCEIRO TRIMESTRE

QUE	QUEN	COMO	RECURSOS
- Avaliación dos distintos ámbitos	- Equipa Directiva - CCP - Departamento de Orientación - Equipos de ciclo e nivel - Tutores/as - Claustro - Consello Escolar	- Reunións dos equipos de nivel e tutorías - Aspectos positivos - Propostas de mellora	- Cuestionarios que contemplan os aspectos máis relevantes
- Síntese de resultados. Valoración - Memoria final: dificultades, puntos débiles e propostas de mellora	- Equipa directiva - Equipos de ciclo e nivel	- Síntese polo equipa directiva, das respostas e propostas de mellora	- Gráficos valorativos - Cuestionarios de síntese - Asesoramento do Departamento de Orientación, CEFOR e Servizo de Inspección

En síntese:

A finalidade da avaliación é contribuír a mellorar a calidade da educación, e aumentar a claridade e transparencia, ofrecendo información, sobre o grado de cumprimento dos obxectivos propostos.

16.PLAN DE MADRUGADORES

COMEDOR

TRANSPORTE ESCOLAR

Transporte:

Para dar servicio á zona de influencia do Centro este curso, están a funcionar para a hora de entrada e saída 3 autobuses.

Terán acompañante segundo o establecido no R.D. 443/2001, co cal a seguridade para os alumnos/as aumenta de xeito considerable.

Madrugadores:

O horario de apertura do servizo de madrugadores se realiza ás 7:30 horas.

É xestionado polo ANPA e funciona nas mesmas condicións establecidas para o comedor escolar.

Comedor Escolar:

É xestionado polo ANPA de xeito autónomo, sendo pois un servizo complementario integrado na comunidade educativa, podendo ser só usuarios os alumnos/as do centro. Actualmente contamos con 100 alumno/as, gran parte deles becados.

O A.N.P.A. responsabilizarase da tutela, orde e disciplina desde a terminación das clases da mañá ata o inicio da xornada da tarde, e dicir de 14 a 16 horas, así como de respecto, conservación e bo trato das dependencias e do material do que fagan uso.

Terá ademais en conta: medidas sanitarias, laborais e cobertura de riscos persoais e laborais (intoxicacións, accidentes...)

